



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE FEBREIRO DE 2010

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
----------------------------------	-------------------------------

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde

DNA. ISABEL RUIZ FERRO

Concelleiro

D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

FALTA

DNA. IRENE AGUIAR LALE
Concelleira do PSdeG- PSOE

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e seis minutos do día catro de febreiro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2009 E 14 DE XANEIRO DE 2010.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DO GRUPO DO B.N.G., RELATIVA Á DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE GANDO.
3º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOCISIÓN DO GRUPO DO B.N.G., RELAIVA AO IDIOMA GALEGO.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

4º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE DECEMBRO DE 2009
5º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓN PLENARIAS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE DECEMBRO DE 2009 E 14 DE XANEIRO DE 2010. Apróbanse por unanimidade as actas das sesións do vinte e nove

de decembro de 2009 e catorce de xaneiro de dous mil dez. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DO GRUPO DO B.N.G., RELATIVA Á DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE GANDO. O Sr. Alcalde, antes de debater sobre este punto, explica que non se tiña celebrado a comisión cando se convocou o Pleno, somete a votación a ratificación da inclusión deste punto na orde do día, sendo aprobada a súa inclusión por unanimidade. Tamén de xeito unánime decídese a inclusión dunha emenda, nos termos do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Organización.

***Dna. Raquel López Doce do BNG:** Esta moción que formulamos dende o grupo municipal do BNG, como acaba de explicar o alcalde, na comisión informativa incorporáronse algunhas matizacións que propoñía unha moción do PSdeG PSOE sobre a mesma cuestión chegando a unha proposta de resolución conxunta que foi a ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Organización. Como saben todos os grupos que integran esta corporación, a Consellería de Medio Rural adoptou unha medida que nós entendemos prexudicial fundamentalmente para o sector gandeiro que foi suprimir a gratuidade da taxa polos servizos de limpeza e desinfección de vehículos de transporte de gando. O noso é un concello no que este sector aínda ten certo peso, aínda é un sector importante e por tanto entendemos que nos afecta moi negativamente a aplicación desta taxa. Eu supoño que os concelleiros non adscritos que na comisión tiñan dúbidas sobre se a Xunta de Galicia, a Consellería de Medio Rural financiaba en algo esta taxa, confirmarían que non é así. Agora pagan integramente os usuarios do servizo e (seguramente coma min leron a prensa de hoxe) e ven que quen sae a protestar polo efecto, polo impacto negativo que ten esta medida, son as organizacións agrarias e gandeiras, non son os representantes dos tratantes como se puxo de manifesto na comisión informativa e por tanto pedimos o cambio de posición do resto dos edís desta Corporación, para que saia por unanimidade o acordo de instar ao novo goberno da Xunta de Galicia a que manteña unha medida que se adoptou durante o período anterior na anterior etapa de goberno por parte da Consellería de Medio Rural, de manter a gratuidade deste servizo e polo tanto do que se trata é de instar á Xunta de Galicia a que manteña a gratuidade tendo en conta ademais o período de crise que estamos a sufrir, e que vén a chover sobre mollado sobre a situación deste sector. E ademais instar tamén ao Padroado da Fundación Semana Verde, que é o punto de desinfección ao que se dirixen os gandeiros estradenses, a que non apliquen esta taxa.*

***D. José López Campos, do PP:** Boas noites. Pois pola nosa parte discrepamos no fondo coa exposición feita polo Bloque Nacionalista Galego e dende logo coa moción presentada. En primeiro lugar porque aínda que a concelleira e a voceira do Bloque Nacionalista Galego diga que podemos constatar que non se bonifica unha parte do custo, non é certo, podemos constatar que si, nós incluso esta mesma mañá falamos coa Consellería de Medio Rural; nos informan que a Consellería seguirá ou bonificará o 40,5% do custo do servizo que se aplicará aos transportistas pola taxa de desinfección dos seus vehículos. E a parte de ser así, está constatado e é demostrable por tanto non son certas as declaracións ou as palabras que dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego. É certo que ata o de agora había unha taxa, unha taxa que non se facía efectiva, por un servizo concreto que era o transporte de animais vivos en vehículos. E desde logo a súa obrigatoriedade de desinfección despois de facer o servizo é unha taxa concreta, por un servizo concreto que se repercute a unha a uns contribuíntes finais concretos que son os transportistas, que son os intermediarios que transportan o gando; non son os*

produtores nin son os compradores, son os intermediarios en este proceso. Está claro que é así, esta claro que en todas as comunidades autónomas ou na gran maioría das comunidades autónomas se está pagando esta taxa de desinfección. É máis certo aínda que no mercado municipal de Amio, por exemplo, se están a pagar estas taxas, xa desde hai bastante tempo, e é un goberno ademais, un Concello que non está gobernado polo PP e dende logo o que se fai agora mesmo é unha política de contención de gasto e de austeridade e optimizar os recursos públicos. Ao fin e ao cabo estamos bonificando unha taxa por un servizo que se está prestando; é unha taxa obrigatoria. Polo tanto, estaremos nun escenario doutras moitas taxas que existen na actualidade que están repercutindo a produtores, a compradores, a gandeiros. E non creo que sexa o Bloque Nacionalista Galego co seu apoio ao PSOE nas súas políticas no Estado e na Nación de apoio á subida de impostos directos e indirectos a todos os contribuíntes...; non creo que sexan vostedes os adalides nin os defensores da baixada de impostos nin da contención de impostos; non, ao contrario, vostedes están apoiando directamente a un goberno en Madrid, lévano apoiando varios anos, que ao que se está dedicando é a incrementar a carga impositiva sobre os contribuíntes.

Este non é un imposto indirecto, non é un imposto inxusto, é un imposto directo que grava un servizo que se presta, un servizo concreto dunha actividade concreta, a uns empresarios concretos. Polo tanto entendemos que aínda así a Xunta de Galicia revisando esta taxa, revisando esta política, o que fai é que se lle repercutira o 59,5% do custo ao transportista e se bonificará o 40,5% do custo deste servizo, destacando ademais que ese custo, esa taxa será incluso moi inferior a calquera das comunidades autónomas que están no entorno de Galicia e desde logo estaremos aínda en impostos moi inferiores a todas esas comunidades autónomas, é importante destacalo. É certo que estamos nun momento de crise, nun momento complicado, sobre todo para os sectores produtivos, os sectores primarios galegos pero tamén é certo que hai moitas medidas postas en marcha polo executivo de apoio ao sector primario, ao sector gandeiro, ao sector lácteo; basta recordar ou facer un breve repaso ao DOGA, basicamente no último mes de decembro, para ver que se aprobaron de forma decidida axudas con relación á defensa sanitaria galega, axudas en defensa aos ataques do lobo, axudas a determinados produtores lácteos, á protección especial de especies en período de extinción, á produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos, á promoción de recría de gando vacún, axudas a explotacións gandeiras e industrias agroalimentarias, o céntimo do leite...; eu creo que hai múltiples medidas de apoio, nas cales o Goberno non é sospeitoso de non apoiar ao sector primario, o que pasa é que aquí non é unha taxa onde se estea prexudicando ó produtor, non é unha taxa onde se estea dinamitando a capacidade económica do produtor ou minorando o beneficio (o tan pingüe beneficio que teñen os produtores do sector primario galego), senón que o que se está facendo é gravando unha actividade económica concreta.

E digo e repito, no Concello de Santiago, competencia municipal do Concello, no mercado de Amio, se está cobrando esta taxa, e o Concello de Santiago está gobernado polo PSdeG e o BNG, cousa curiosa; o que pasa é que unha cousa é predicar e outra cousa é dar trigo; cando se goberna faise unha cousa e cando non se ten competencia pídense outras diferentes. Dende logo para nós é unha decisión difícil, como outras moitas cando hai que aplicar medidas de austeridade e de rigor no gasto, pero entendemos que non é unha subida que vaia repercutir o que é o estado actual do sector primario, do sector leiteiro, do sector gandeiro en Galicia, polo tanto nós non podemos estar a favor desta iniciativa presentada polo BNG.

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: *Boas noites a todos, nós tamén xa manifestamos a nosa posición clara na comisión. Non vou repartir os argumentos*

que fixo o portavoz do partido do PP porque xa coincidiamos na comisión. Entendemos que non é unha carga directa ao produtor senón a un servizo empresarial, a un servizo comercial que desempeñan empresas, e polo tanto a repercusión non é directa sobre o produtor senón directa sobre o consumidor final que é norma habitual en todos os procesos comerciais. A simple ida ao supermercado, compramos un iogur, o consumidor final paga a materia prima, paga a produción e elaboración, paga o transporte e paga o beneficio empresarial, polo tanto estamos nunha situación parecida. Outra cousa é que non sei se estamos de acordo en consensuar propostas para o sector, para favorecer directamente o sector produtor e aí estaremos abertos. Soamente dicir que non podemos bonificar ou subvencionar unha taxa dun servizo, cando hai outros servizos que tamén poderían ser subvencionados como por exemplo as taxas de aeroportos, o canon da auga..., sempre haberá necesidade de subvencionar. Nós en todo caso estamos en contra da política da subvención, cremos que este país excede na política subsidiaria e debería facer máis esforzos para investir directamente nos sectores produtivos para favorecer as condicións da produción deses distintos sectores, polo tanto imos a votar en contra.

Sr. Otero Espiño, PSdeG - PSOE: *Ben, o que dicía antes a compañeira: lavamos e gardamos a roupa. En calquera caso, eu de números non entendo moito, pero se non repercute nos produtores dígame vostede...: eu hai moito tempo que non ando cun becerro, pídlle a un transportista que mo leve á semana verde, teño que pagar xa por entrar con el no recinto, resulta que non o vendo mo devolve á casa, ten que estar lavado o camión antes e o camión cando mo volve a traer, ¿a quen lle vai repercuti-lo transportista? ao produtor. Esta medida que acaba de anunciar a Xunta de Galicia a través da Consellería do Medio Rural, evidentemente non é mais que unha afrenta máis para o campo galego, e dende logo non cumpre cos servizos que se viñan prestando dende hai cinco anos. O tema da sanidade evidentemente márcase dentro dun programa de sanidade real, de sanidade animal e que agora neste momento a Xunta de Galicia acaba de atacalo con esta taxa de transporte, de limpeza e de desinfección e que evidentemente aínda que vostede di que non repercute no produtor, evidentemente o primeiro que ten que facerlle fronte é o transportista, logo vaina repercutir ben no produtor e finalmente no consumidor. Eu quixese que vostedes tivesen o valor de dicir como llo van a explicar os gandeiros, tratantes, chaláns, transportistas, carniceiros e finalmente aos consumidores deste incremento substantivo que vai ter o produto final posto a disposición dos cidadáns. Neste programa que se aplicou nestes últimos 5 anos dentro da sanidade animal, evidentemente contempla varios programas, non soamente o tema da desinfección e lavado dos vehículos que é importante, non hai nada máis que ver as cifras que van dende 11 e pico euros ata 25; evidentemente trataba ademais sobre outras taxas que teñen que pagar tamén os transportistas, como son as taxas por transporte de animais segundo o número de cabezas, as taxas por sacrificio etc. Pois este programa de benestar animal inclúe tamén outros programas obrigatorios como son o da erradicación e control da brucelose e tuberculose, o mal das vacas tolas etc. ¿Neste sentido que ocorre? Esta é a primeira pedra que se nos coloca nun proceso que posiblemente nos leve a que no futuro pois incluso se cheguen a privatizar todas as campañas de saneamento animal. E vostede o apuntaba antes, a situación no é a mellor, milleiros de explotacións están en risco de pechar, e céntimo de aquí, céntimo de alá evidentemente ímolo agravando. Vostede fala de economía de aforro de recursos, mire evidentemente o máis fácil é iso; chove pero sempre na casa do pobre. A Consellería de Medio Rural diminúe o investimento real en 15,25 millóns de euros para o ano 2010. Un 30, 35 % menos que no ano pasado no programa este de saneamento de benestar animal. Sen embargo, curiosamente o gasto de persoal nesta consellería increméntante de 29,3 a 32,5 millóns...; este é aforro, esta é*

economía. E incrementábase iso a pesar de que se suprimiron os veterinarios certificadores, é dicir, hai un incremento dun 37% dos gastos. Polo tanto, se se quere aforrar, afórrase no que hai que aforrar, pero evidentemente non llo carguemos aos cidadáns e a un sector xa de por si nunha situación moi complicada. Este programa de benestar e sanidade animal, estaba creando unha gran confianza nos produtos elaborados e sacrificados en Galicia. Animais de fóra viñan sacrificarse aquí precisamente porque contaba con todas as garantías de seguridade. E isto vai levar unha inseguridade aos consumidores e vai levar dende logo certas consecuencias para a produción agroalimentaria galega; as consecuencias vanse ver no futuro; inmediatamente vanas ver xa os consumidores e os produtores. Á larga toda a cadea, toda a trazabilidade que haxa nos produtos alimentarios galegos se pode ver en entredito. En calquera caso, alguén cualificaba esta medida xa como inxusta e desproporcionada e dende logo prexudicial para o sector no momento clave que estamos a vivir. E digo, xa van dúas, a entrada de animais no recinto feiral de Silleda e dende logo esta agora de desinfección e lavado de vehículos e posiblemente a futura (á terceira vai a vencida), a privatización de todo o tema de saneamento animal.

Dna. Raquel López Doce do BNG: Ben, eu creo que coa exposición que acaba de facer o portavoz do PSdeG – PSOE xa quedou incluso máis claro ca antes. Eu na primeira intervención manifestaba que vostedes terían confirmado porque eu non dei confirmado ese cofinanciamento por parte da Consellería de Medio Rural; eu o único que atopo é que a Xunta aforrará aos galegos medio millón de euros grazas á tarifa por desinfección en vehículos de transporte de gando. Ese é o enorme aforro en política de contención de gastos. Vostedes despois non teñen ningún problema en financiar depende de que congresos que teñen un custo semellante e adoptan unha medida que prexudica evidentemente a todo o sector. Temos que ter en conta evidentemente cal é a tipoloxía dos produtores, dos criadores do gando do noso concello. Nós entendemos que é unha medida moi prexudicial, enténdeno os propios produtores e as súas organizacións que xa se están manifestando publicamente polo impacto negativo que está a ter. É evidente que quen vai pagar o pato son primeiro os produtores e ao final os consumidores que van ver os produtos de primeira necesidade (xa que estamos a falar de carne e non doutra cousa) máis encarecidos, e evidentemente cunha escusa bastante mala. E ben, o relatorio que fixo vostede coas medidas que adopta o novo goberno da Xunta para apoiar o sector primario pois a verdade é que é bastante triste, porque eu creo que é a resolución das convocatorias que se tiñan feito polo anterior Goberno da Xunta, non son medidas postas en marcha por vostedes. E esas medidas, como acaba de comentar o portavoz do PSdeG– PSOE, este ano teñen menos orzamento a conta de..., pois ese aforro económico que ao final eu non sei exactamente onde van os cartos pero a algún sitio van, non a onde teñen que ir evidentemente. Simplemente se me esquecía unha cousa, perdón: creo que ten presente vostede que o BNG non apoiou os Orzamentos Xerais do Estado do ano 2010 precisamente pola política impositiva, creo que o sabe; ben, porque dixo que os apoiara.

D. José López Campos, do PP: Ben, imos ver, vaíamos por partes. En primeiro lugar os becerros que entran no mercado de Amio, os transportistas e os produtores levan pagando esta taxa toda a vida, señor Espiño e Señora López Doce, nun Concello gobernado practicamente toda a vida polo PSdeG – PSOE e o BNG; por tanto non veñan vostedes aquí a dar leccións de moralidade a ninguén; vostedes mesmos cando lles toca aplicar políticas dende logo o fan dunha maneira determinada, non intenten agora trasladar a responsabilidade. Nun goberno gobernado polo bipartito lévano facendo toda a vida. O único mercado onde se cobraba esta taxa de desinfección era o mercado de Amio en Galicia con

responsabilidade do bipartito do Concello de Santiago. En segundo lugar, o señor Espiño facía unha comparativa entre o que era a aplicación dunha taxa directamente relacionada con un servizo como outros moitos:, vostedes aquí no Concello da Estrada, toda a Corporación Municipal coñece a cantidade de taxas municipais e o que recada o Concello con estas taxas, é nunha taxa que o que se pretende é recadar a parte do custo do servizo que se lle dá ao cidadán. Vostedes teñen en vigor unha cantidade de taxas enormes que se están pagando neste Concello por prestar o servizo, e estanas cobrando e estanas repercutindo ao consumidor final que é o veciño que ven a pedir este servizo ao Concello da Estrada. É unha época de crise pero hai que cobrar, hai que repercutir ese servizo. Que veñan vostedes agora asimilar o cobramento ou o pagamento dunha taxa coa precariedade na prestación dun servizo iso é como se agora eu demagoxicamente lles culpo a vostedes que por subir o IVE a nivel nacional en 2 puntos os fabricantes de coches van facer os coches sen rodas, ¿que relación ten o cobramento dunha taxa coa precariedade na prestación do servizo? A obrigatoriedade é a mesma, calquera transportista ten a mesma obriga agora que tiña antes, exactamente a mesma, non vai implicar ningunha minoración na calidade do servizo que se vai prestar, non vai a baixar como di o señor Espiño (que dende logo se lanza de maneira sublime a facer comparacións) a calidade que ten o produto galego, calidade contrastada. E que a partir da aplicación da taxa, lle recordo que no peor dos casos un trailer de transporte animal de dous pisos, vai pagar (no peor dos casos) 20,55 euros de taxa por desinfección animal, porque a diferenza doutras comunidades autónomas (onde se lle aplica unha porcentaxe á taxa en función do volume transportado por tonelada) aquí hai un teito máximo, non se cobra máis; e no peor dos casos o que vai ter que pagar o transportista son 20,55 euros nun tráiler de transporte animal de dous pisos. Pero ben, o que está claro é que hai unha vontade clara por parte deste Goberno de ver a palla no ollo alleo e non a ver a viga no propio. Moi ben , a min paréceme estupendo e dende logo hai que abrir debates e lanzar balóns fóra pero poderíamos entrar a valorar moitas das taxas que están cobrando vostedes por prestación de servizos que ao mellor tamén se poderían bonificar e non se fai ou que ao mellor en época de crise como dixo o PP nestes Orzamentos, podían haber feito un esforzo para rebaixar a presión fiscal nestas taxas ou neses impostos que si son competencia municipal e non o fixeron. E nós plantexamos no Orzamento do ano 2010 que fixesen ese esforzo e non o fixeron para rebaixar esa carga impositiva tendo en conta a situación actual; e non o fixeron. E agora estamos falando de unha taxa de 20,55 euros por un transporte nun tráiler de dous pisos, que o señor Espiño seguramente do tema saiba máis e poida saber cantos animais poidan caber nun tráiler de dous pisos, eu non o sei, pero dende logo 20,55 euros é a taxa límite que van a pagar; e que vostedes agora fagan bandeira da xestión que está a facer a Xunta de Galicia, me parece ridículo. Pero ademais tamén lles vou a dicir outra cousa: que dea o señor Espiño aquí os datos dos gastos da Consellería de Medio Rural, defendendo aos seus correligionarios, debería poñerse colorado, porque se alguén é o exemplo do despilfarro, do gasto improdutivo e da incapacidade na xestión iso foi o bipartito durante catro anos no Goberno da Xunta de Galicia, e os datos están para ver e non para inventar. Eu quero dicir que durante este exercicio no ano 2010 os Orzamentos da Xunta de Galicia reduciron nun 25% o gasto corrente das contas anuais da Xunta de Galicia e dos organismos dependentes, o 25%, uns Orzamentos que baixaron máis do 3,3% con relación ao ano anterior; a primeira vez na historia que uns Orzamentos baixan pola capacidade de recadación dunha comunidade autónoma; a Xunta de Galicia mantén o investimento produtivo a cambio de recortar o despilfarro e o gasto corrente que tiña o goberno bipartito. Pero é que non hai que ir máis alá, non hai que ir á Xunta de Galicia, vostedes non me falen de xestión e de control e de rigor, porque dende que vostedes gobernan no Concello da Estrada (llo dixen no Pleno dos Orzamentos e llo volvo a dicir),

vostedes incrementaron un 20% os gastos en persoal, un 18% o gasto corrente, e un 60% o endebedamento a finais do 2010 vano incrementar: Non me veñan vostedes agora defender aquí as políticas de austeridade e de rigor, veñan criticar o que queiran pero a realidade é a que é, e os datos son contantes e soantes e contrastables, polo tanto paréceme moi ben que vostedes agora inicien unha senda de iniciativas ou mocións demagóxicas que eu creo que dende logo sendo un tema que nos afecta a todos e que dende logo nos debe preocupar, está claro cal é o estado dos nosos sectores produtivos, o falaremos despois porque desde logo estanse dedicando a arranxar casas alleas e estanse despreocupando de arranxar casas propias e veremos datos demoledores da situación actual económica de Estrada e sacarémolo despois. E é moi bo que ao Pleno traíamos estas iniciativas pero levamos dous anos denunciando que estes plenos estanse a converter nun paripé e en vez de tratar e debater temas importantes que lle preocupan no día a día aos nosos veciños que están en situación de desemprego, que non teñen onde chamar para buscar un posto de traballo, que están en situación complicada..., este tema non interesa ao goberno, nos plenos estanse adormecendo intentado traer temas de debate xerais, sen entrar en temas que son cuestións fundamentais para os intereses dos nosos veciños. Me parece moi ben, se vostedes non os traen, traerémolos nós, e así o faremos. O que está claro é que hai que coller o toro polos cornos, estamos nunha situación difícil, hai que tomar medidas, medidas nas que se intente buscar o menor impacto posible e está claro que se algo é xusto e eu aínda creo recordar e vou a facer miñas as palabras do señor Espiño, se hai un imposto xusto, esa é unha taxa, ¿non? Unha taxa (e vostede o defendeu máis dunha vez nos plenos dos orzamentos), as taxas son o imposto que ti pagas pola prestación dun servizo; estamos falando dunha taxa, non estamos falando dun imposto, en primeiro lugar unha taxa limitada cun teito máximo de 20,55 euros no peor dos casos e desde logo pola prestación dun servizo que se lle vai cobrar aos intermediarios; pero como todo na vida claro, é que calquera decisión que se tome a través dos intermediarios repercute no consumidor final e se repercute no produtor, pero e que iso pasa en todos os ámbitos económicos e empresariais, en todos, o sistema e o mercado está montado así. O libre mercado ten os seus defectos e ese é un deles, e polo tanto que un señor teña que prestar un servizo e que teña que pagar unha taxa é a súa obriga, que o repercute ao produtor ou ao consumidor, xa non é a súa obriga pero é o habitual; pero non pasa só coas taxas que aproba a Xunta de Galicia, pasa con todas, e polo tanto o que temos é que intentar poñer na maior medida do posible as cousas no seu sitio e intentar aplicar políticas de rigor e de austeridade e controlar, e dende logo coincido co voceiro, co señor Reboredo, que o que teremos é que aplicar e tomar medidas e iniciativas aquí neste Pleno de apoio aos sectores produtivos, medidas que pretendan dinamizar, que pretendan incentivar a produción, que pretendan incentivar a venta e os canles de comercialización, que aí é onde está o gran problema dos nosos sectores produtivos, e aí seguramente temos que chegar a acordos, e nós estamos abertos tamén ao diálogo e a instar a quen faga falta, Xunta de Galicia ou Goberno Central ou Unión Europea (que tamén ten moitas competencias) a que tomen as medidas oportunas para que os nosos sistemas produtivos locais, os nosos sistemas produtivos, os sectores primarios, pois estean o suficientemente apoiados neste momento e dende logo teñan un futuro próspero e con ambición e dende logo que se poida fixar o que é a estrutura territorial galega cos nosos sectores produtivos instalados nesa estrutura territorial, como pode ser o sector agrogandeiro, o sector forestal ou outros moitos, e polo tanto nesa liña estaremos dispostos a traballar e nos alegraría que nos próximos debates e nos próximos plenos, faláramos en positivo de medidas de apoio a eses sectores.

Dna. Raquel López Doce do BNG: Eu non vou andar con circunloquios, só lle vou a dicir catro cousas con claridade e agardo que brevidade. -Primeira cuestión: o

Concello da Estrada sabe vostede que tivo unha perda de ingresos, é dicir, os ingresos que temos no Concello da Estrada, non son os que lle corresponden a un Concello do noso nivel, basicamente porque non temos Plan Xeral e iso sabemos todos responsabilidade de quen é. Pódese rir, a min non me fai gracia. -Segunda cuestión: ante a situación de crise, este goberno decidiu non subir as taxas municipais, cuestión que os anteriores gobernos do Partido Popular coa situación de crise económica que xa padecían os veciños da Estrada como consecuencia da falta de actividade por carecer dese Plan Xeral, nunca fixeron. -Terceira cuestión, Concello de Santiago e mercado de Amio: o Concello de Santiago, a verdade é que eu non o coñezo moito pero dubido de que teña, vamos, a quinta parte das explotacións gandeiras que ten o Concello da Estrada. Comprendo perfectamente que un Concello ó que lle interesa que teña movemento o seu mercado de gando que é a actividade, non son produtores, os seus veciños non teñan por qué soportar o custo dun servizo. Os gandeiros da Estrada, que para min teñen todo o respecto (vostedes acabamos de ver que os desprezan, “non son un sector importante”. Non, é que acaba de dicir que traemos mocións que non lles interesan aos estradenses e eu creo que é unha moción que lle interesa polo menos a unha parte, á parte dos estradenses que viven das explotacións gandeiras e da cría de gando, entón non hai por qué comparar. Nós aquí temos un servizo de desinfección que está ubicado en Silleda que depende da rede autonómica e non ten comparación co de Santiago, entón vén vostede aquí mesturar unhas cousas con outras. E a verdade, me gustaría moito que o nivel de investimento da Xunta de Galicia, especialmente da Consellería de Medio Rural, se mantivese nos tres millóns de media anual como viña manténdose nos dous últimos anos. E ademais fala vostede, écheselle a boca coa redución do 20% do gasto, co tema da austeridade, e eu creo que todos os que temos trato coa administración, ben vemos que se suprimiron os delegados provinciais das consellerías pero que ascenderon os xefes provinciais a xefes territoriais e que todos teñen chofer e se desprazan como antes se desprazaban os delegados, é dicir, a demagogia xa chegou; todos coñecemos ao PP e sabemos o que é.

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: *Ben, brevemente, creo que o debate está saíndo de contexto, estamos indo a outras vías. Nós mantemos o mesmo e o mesmo criterio, nós entendemos que non é unha repercusión directa ao produtor, que é unha actividade comercial e empresarial como poden ser outras, como pode ser o moble que tamén transporta os mobles, etc. Mire, dende que se aboliu dalgún xeito o sistema de troque no século VII a.C., en que se introduciu por primeira vez unha moeda que foi o dracma, sempre se repercutiu os custos ao consumidor final en gran medida e en parte, pero en parte pequena ao sector primario, por tanto é darlle voltas ao asunto: Se queremos bonificar, nós dicimos “chocolate para todos”, bonifiquemos todas as actividades empresariais, ¿iso é lóxico?, ¿parece razoable?, non. Pero mire señor Espiño, desgraciadamente estamos a vivir unha crise brutal, que afecta fundamentalmente a todos os sectores produtivos, pero míreo por outro lado: a crise en gran medida vén motivada polas políticas postas en marcha ou polas políticas non postas en marcha polo goberno central, ¿non?, ou polo bipartito nos últimos catro anos na Xunta, que son os máis próximos. Non, non, aquí as culpas son todas hai 15 anos, hai 16 anos, o Plan Xeral é un problema de hai 16 anos pero non é un problema de 3 anos que levamos con el apartado a pesar de dicir que se ía aprobar en seis meses, aí non hai responsabilidade ningunha; imos ser serios. Nós entendemos que non é unha taxa que inflúa directamente ao produtor e por tanto entendemos que ese servizo debe pagalo o intermediario que é o gran mal deste país.*

Sr. Otero Espiño PSdeG - PSOE: *Pero ao final non a vai a pagar o intermediario, vaina a pagar o cidadán, e ten vostede razón, estámola liando de tal maneira que parecemos gatos cunha madeixa e vamos a quedar encerellados no fío e dende logo*

non imos ir máis alá. Home, estaba eu pensando hai un momento ata onde quería chegar o señor López porque mesturou tantas cousas que pasamos dende a economía doméstica ata case a macroeconomía universal e ben xa vostede dixo, o bipartito, o da Estrada, o que estivo na Xunta, o goberno central é o culpable da crise mundial, ten o protagonismo evidentemente... a crise vén por aí... díxoo vostede, díxoo vostede. Pero vamos, de tantas cousas se faláron que vostede ata entrou no tema relixioso, porque aquí ata vamos entrar nos criterios de admisión da gloria celestial, porque vamos, foi o que nos faltou por tocar aquí. Ciñámonos ao que nos ciñamos, mire, as outras medidas que teñamos que tomar e adoptar para o beneficio do sector evidentemente tomémolas no momento que as teñamos que tomar, fagan propostas se o consideran oportuno e seguro que chegamos a acordo. Porque evidentemente a vocación deste pobo era eminentemente agrogandeira, e lamentablemente as explotacións día tras día van cerrando unha e outra tamén, e mire, algún destes impostos, desta taxa da que vostede fala, ás veces non a vale nin o produto que se leva ao mercado; e aquí hai gandeiros que poden dicir cantas veces se paga por un becerro, e non poña o exemplo dun camiión de dous pisos, porque vostede ou non veu unha churra merina diante ou non veu un pito cebado, porque sabe que nun camiión de dous pisos van porcos e polos, nada máis, ¿vostede mete un becerro en dous pisos?, non, non pode ir aí. Por tanto, mire, hai becerros que van á Semana Verde e non valen o lavado do camiión (algúns si valerán moito máis), pero a algúns non lle vale a pena nin sequera levalo alí, e por tanto o que lle dicía era, que o que se está poñendo en entredito cando empezamos a privatizar (porque este é o primeiro paso, xa virán os outros) todo o tema de benestar e saneamento animal, automaticamente a credibilidade dos produtos vai perder e neste momento os plans de saneamento levados a cabo nos últimos anos foron eficaces e foron rendibles para o produtor e foron rendibles para toda a economía galega, e nesa liña deberían seguir. Polo tanto, non xunte as churras coas merinas, edulcoremos como queiramos cada discurso e sexamos coherentes e consecuentes. E é increíble, que nun concello maioritariamente rural, con tradición e vocación agrogandeira que todos deberíamos impulsar, xustamente nunha medida tan minúscula pero tan significativa, non haxa acordo nela. Nada máis.

Sometido o asunto a votación, finalmente, adóptase o seguinte ACORDO cos votos a favor dos Sres. Concelleiros do grupo do PS de G-PSOE e do grupo do BNG, e cos votos en contra dos Concelleiros do grupo do PP e os Concelleiros non adscritos:

- 1.- Esixir da Consellaría de Medio Rural o mantemento do servizo público e gratuíto de desinfección dos vehículos que acudan con gando aos recintos feirais, tal e como se vén facendo ate agora.
- 2.- Demandar da alcaldesa de Silleda, como representante do seu concello, e dos alcaldes de Lalín e Cerdedo, como representantes da Deputación de Pontevedra no Padreado da Fundación Semana Verde de Galicia, que defendan a gratuidade deste servizo no seo da Fundación.
- 3.- Trasladar esta petición ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro do Medio Rural e ao Padreado da Fundación Semana Verde.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOCISIÓN DO GRUPO DO B.N.G., RELATIVA AO IDIOMA GALEGO. O Sr. Alcalde, antes de debater sobre este punto, explica que non se tiña celebrado a Comisión cando se convocou o Pleno, somete a votación a ratificación da inclusión deste punto na orde do día, sendo aprobada a súa inclusión por unanimidade. Tamén de xeito unánime decídese a inclusión dunha

emenda, nos termos do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Organización.

Sr. Alcalde: *Imos ver, exactamente igual que no punto anterior, a proposta que foi ao Pleno non coincide co ditame anterior polo tanto unha vez que incluímos o punto na orde do día hai que incluír a emenda que se fai á proposta que había para este Pleno que é o ditame da comisión, polo tanto votamos a inclusión desa emenda e o que pasamos entón agora a debater é a emenda e non a proposta que foi á comisión, aclarado, pois polo tanto, pasamos a tratar o punto terceiro que é a aprobación se procede da proposición do grupo do BNG relativo ao idioma galego.*

Secretario: *Si me lo permite el Sr. Alcalde. ¿Entonces la enmienda fue introducida por unanimidad?*

Sr. Alcalde: *Por unanimidade, exactamente.*

Sr. Alcalde: *Ben non é criterio desta alcaldía permitir manifestacións durante a celebración dos plenos, como teño feito esta mesma apreciación noutras ocasións, gustárame que nos abstivésemos o público asistente de facer manifestacións de ningún tipo, moitas grazas.*

Dna. Raquel López Doce do BNG: *Ben, esta moción, eu xa me adianto aos feitos, posiblemente sexa considerada tamén polo portavoz do Partido Popular como unha cuestión xeral e que non lle interesa á cidadanía estradense; dende logo dende o BNG, e por iso presentamos esta moción e tamén dende o PSdeG PSOE, que presentou á súa vez outra moción que deron como resultado esa emenda (o ditame da comisión que acabamos de votar a súa inclusión neste debate), consideramos que é unha cuestión básica de todo cidadán e por suposto de todo cidadán galego e de todo cidadán e cidadá estradense. Entendemos que é unha cuestión de máxima prioridade, de feito, pois vemos como unha parte dunha plataforma cidadá que se creou a raíz da política lingüística que está desenvolvendo o Partido Popular na Xunta de Galiza, está presente neste salón de plenos, evidentemente evidenciando esa preocupación existente na cidadanía estradense e a demanda social de que este Pleno da Corporación...; somos os edís quen representamos aos nosos veciños e veciñas e por iso demandan de nós un pronunciamento sobre unha cuestión dende logo para nós da máxima importancia. Eu persoalmente entendo que diferenciámonos dos animais fundamentalmente porque temos unha lingua, un idioma no que podemos comunicarnos. A lingua propia de Galiza, e así o di o Estatuto de Autonomía, é o galego; e hai en Galicia dúas linguas oficiais, o galego e o castelán. E é evidente que aínda que hai algún grupo minoritario que pretende facer ver que estas dúas linguas están coexistindo en pé de igualdade, pois, os datos (e non son datos partidarios) din que isto non é así. De feito, ben despois no debate supoño que entraremos a falar de datos, porque no debate en comisión había membros da comisión que non son ni do grupo municipal do BNG nin do grupo municipal do PSdeG PSOE, que recoñecían que a situación da lingua galega é catastrófica. O que si se recoñece en informes oficiais é que a situación do galego está en franca desvantaxe, está perdendo falantes dunha maneira continuada que se deron en etapas anteriores desde que temos goberno autonómico e etapas nas que se produciu consenso en relación a cal era a situación da lingua e as medidas que cumpría adoptar, outra cousa era a aplicación desas medidas que a avaliación no mapa sociolingüístico que presentou a Real Academia tanto cos datos do 1992 como do 2004, evidencian que esa política lingüística que se estivo exercendo non foi eficaz e deu como resultado a aprobación no Parlamento Galego dun Plan Xeral de Normalización Lingüística tendente a superar esa situación. Como consecuencia*

dese plan aprobouse un novo Decreto no ano 2007, que a verdade, aínda que naceu froito dun plan consensuado entre todos os grupos políticos con presenza no Parlamento Galego, pois apenas tivo tempo de aplicarse: aprobouse no ano 2007 e empezou a aplicarse no curso 2008-2009 e, en pleno 2009 xa se empezou, ben, en marzo, antes de acabar o curso escolar, xa se empezou a anunciar que se ía substituír, que se ía a anular e, evidentemente, xa non chegou a aplicarse. Presentou o goberno galego, o novo goberno galego do Partido Popular, un borrador de decreto, case con (ou sen case) nocturnidade e aleivosía, o día 30 de decembro pola tarde (xa era de noite porque en inverno a esa hora era de noite); con nocturnidade e aleivosía, sen consenso con ninguén; e conseguíu con ese borrador o rexeitamento do resto das forzas políticas presentes no Parlamento; conseguíu (xa está informado por escrito) o rexeitamento das institucións máis importantes da nosa cultura, da Real Academia Galega, do Consello da Cultura, tamén un pronunciamento do Instituto da Lingua Galega, un rexeitamento social sen precedentes coa constitución dunha plataforma cidadá, a plataforma Queremos Galego, unha manifestación o día 21 de xaneiro, un día laborable, ás 12 da mañá en Santiago de Compostela enchendo a Praza da Obradoiro, é dicir expresiva da magnitude, do rexeitamento social que ese borrador xerou; rexeitamento á súa vez tamén de todo o sector educativo, os sindicatos maioritarios do ensino, excepto algún sindicato minoritario, todos se pronunciaron en contra desas bases do borrador, as asociacións de directoras e directores de centros educativos tamén se pronunciaron en contra, as federacións de asociacións de nais e pais tamén se pronunciaron en contra, é dicir, que conseguíu unificar a todo o mundo demandándolle a retirada dese borrador. Esta moción que presentamos conxuntamente os grupos municipais do BNG e do PSdeG PSOE non pide cuestións extraordinarias, pide o que é un clamor, retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino presentado o 30 de decembro diante da opinión pública, e establecer medidas de protección da lingua galega para superar a súa posición de desvantaxe, cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía. Neste momento temos un Goberno, que si que saíu dunhas eleccións democráticas, iso non o cuestiona ninguén, pero dende logo non está actuando en concordancia co que todos entendemos por democracia. Non, non... é que lle acabo de relatar, e non imos entrar, ben se quere entramos en debate eu aínda non acabei no uso da palabra, pero é que lle acabo de relatar todas as organizacións, entidades e partidos políticos que están en contra dunha medida, é dicir, é que é unha medida unilateral señor López. É unha proposta unilateral do Partido Popular e que nin sequera conta co respaldo do propio corpo do Partido Popular, porque acabamos de ver como en Vilariño de Conxo, votaron en contra, votaron pedindo a retirada do Decreto. No Concello de Cerceda hoxe veñen de facer o mesmo e noutros concellos tamén. Nós tamén agardamos que o fagan na Estrada porque entendemos que iso é o que queren os cidadáns estradenses e por iso presentamos a moción, ou polo menos a maioría social, que minorías radicais hainas en todas partes. Presentar un plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso sobre a base de continuar e potenciar as medidas acometidas dende o anterior goberno e coa correspondente memoria económica que o faga factible. Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007 como consecuencia do Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias (daquela, igual non é o mesmo Partido Popular), e por último enmarcar dito consenso, tal e como defende o Consello da Cultura Galega, na Constitución no Parlamento de Galiza dunha comisión parlamentaria na que estando presentes as tres forzas do arco parlamentar, conte coa participación das distintas institucións, sectores sociais, membros da

comunidade educativa, ademais de asesores especialistas. Estas son as propostas de resolución da moción que se somete a aprobación.

D. José López Campos, do PP: *Moi ben , pois en relación ao tema do Decreto do galego, pois a verdade é que a veces o sentimento galeguista que pode ter cada un é bastante persoal. Dende logo eu non creo que sexa sospeitoso de non defender o galego e de non ser unha persoa eminentemente identificada co galeguismo e con todo o que representa o galeguismo e os valores fundamentais da nosa terra. Me parece que sempre o fun xa de cativo, e a miña educación xa sempre foi así, e dende logo o sigo mantendo, e me considero ademais unha persoa defensora dos aspectos máis destacados da nosa cultura; falamos do idioma, falamos tamén de aspectos culturais, falamos de absolutamente de todo que eu creo seguramente ata chegaría compartir algún deses aspectos co BNG, cousa difícil, pero algúns aspectos seguramente poderíamos chegar a compartilos.*

O que está claro e que o que non comparto é unha cousa que a vostedes lles deu bastante bo resultado e é que intentar facer deste tema unha bandeira, o tema do galego, e é que eu estou convencido, e cada día vostedes enganán a menos xente. Está claro que o BNG non expide carnés de galego, aquí galegos somos todos, non temos que ser do BNG para ser galegos e galeguistas e defender o noso idioma. Vostedes non teñen de momento a lexitimidade de expedir ningún tipo de carnés de galeguista, e grazas a deus, pois iso o demostra a actividade política, os cidadáns e os veciños da Estrada eleccións tras eleccións. Eu quérolle recordar, pois vostedes coa súa bandeira do galego, coa súa bandeira do nacionalismo que dende logo prende bastante pouco na sociedade galega pois aí están os seus resultados electorais e o que vostedes “pintan” (entre comiñas) no panorama político galego: vostedes son unha minoría, actualmente son unha minoría no mapa político galego, e polo tanto e conveniente destacar que están en caída libre, eleccións tras eleccións, non só a nivel autonómico senón que a nivel local tamén nas últimas eleccións. Vostede mesma dicía que foi dunha forma unilateral, con premeditación, con aleivosía..., eu teño que discrepar radicalmente de vostede. O Partido Popular creo que non enganou a ninguén e creo que se alguén falou alto e claro foi o Partido Popular en materia lingüística na campaña electoral. Ao mellor é bo traer a conto aquí agora cando na campaña electoral, o señor Touriño, o Presidente Touriño, o que ía para Presidente Touriño de novo, empezou a dicir nos seus mítines que había que desmarcarse da política sectaria lingüística do BNG, que era un tema que dende logo lle estaba traendo bastantes problemas e que dende logo non prendía na sociedade esa mensaxe de que o PSdeG PSOE e o BNG fosen da man nesa utilización do idioma galego, non é de que forma se estaba facendo. E son palabras do Presidente, do Presidente que despois non o foi. Pero se alguén foi claro en materia lingüística, foi o Partido Popular, e no seu programa electoral falouse exactamente do que hoxe se está a aplicar, falouse dun modelo diferente ao modelo bipartito. Vostedes falan de que... eu cando estabamos antes falando, intentando buscar un consenso, que polo visto é bastante complicado buscar un consenso con vostedes pero nós o intentamos e á parte fixemos chegar unha proposta, creo que bastante sensata e que despois a lerei porque non creo que ninguén discrepe dos puntos que presenta o Partido Popular para chegar a un acordo e sacalo de forma unánime. Pero cando falabamos antes de comezar o Pleno, eu lle dicía que o Decreto 124/2007 fora aprobado unilateralmente polo bipartito e vostede me respondeu (con toda a razón ademais) que era a quen lle correspondía, “era o Goberno, foi a súa resposta”. Ben, pois aplíquese o conto, o que vostede me acaba de dicir agora, no ano 2007, é o mesmo que vai a pasar no ano 2010. ¿De quen é a responsabilidade de aprobar o novo Decreto do galego? Do goberno. Igual que vostede dixo no ano 2007 do bipartito. ¿O Partido Popular presenta un borrador que non conta co apoio maioritario? vostedes aprobaron no Parlamento un Decreto

unilateralmente bipartito, porque no mesmo reparto proporcional de escanos que existe na actualidade, vostedes tiñan 38, Partido Popular 37 e agora é o revés, Partido Popular 38 e bipartito 37. A situación é a mesma, o resultado é o mesmo, o reparto de forzas é o mesmo, polo tanto a lexitimidade anterior é exactamente igual que a de agora, cun condicionante ademais: vostede fala dos informes, dos problemas, das manifestacións..., hai que telas en conta e eu creo que ninguén de momento dixo o contrario, o que se presentou foi un borrador de Decreto con intención de negociar, con intención de poñelo enriba da mesa para chegar a acordos. Vostedes aprobaron un Decreto co informe en contra do Consello da Cultura Galega, e non pasou nada, e tiña o informe en contra. Moi ben, este tamén ten en contra o informe do Consello da Cultura Galega exactamente igual que o Decreto 124/2007, non tiña o informe favorable, ademais é un Decreto que dende logo, eu entendo que en parte nalgúns sectores pode ter certa contestación. É certo que hai que matizar, que hai que traballar, pero para iso se presenta un borrador. A obriga do goberno é cumprir co seu programa electoral, en prazo, tempo e forma, presentar ese borrador para debate e para intentar buscar o máximo consenso posible. Me parecen bastante intelixentes, e dende logo subscribo na súa totalidade, as palabras que dixo o presidente Feijoo. Pois poucos días antes de presentar o decreto, el dixo que ía intentar buscar o consenso social, porque o político xa llo negaran antes de coñecer o borrador do Decreto. Eu quero dicirlle que me parece moi lexítimo calquera tipo de manifestación e de exposición pública sempre con fundamentos. Pero había unha manifestación convocada antes de saber o contido do Decreto, ou sexa, había manifestación si ou si, pasase o que pasase xa había manifestación. Polo tanto, dúas cousas, ou xa había unha predisposición por facelo, ou xa se sabía o que ía facer o Partido Popular, polo tanto nós non enganamos a ninguén, nós non enganamos a ninguén, pero nós levabámolo no programa electoral. Nós fomos sinceros e cando votou o 48% da poboación galega ao Partido Popular e lle deu maioría absoluta era porque sabía o que ía facer o Partido Popular en materia de política lingüística; claro que vostedes, unha, non o aceptan e outra, claro, vostedes fanse os representantes das maiorías sociais galegas; non mire, vostedes son os representantes das minorías sociais, vostedes, o BNG, os representantes das minorías, e como representantes das minorías falan vostedes, dende logo cun discurso lexitimado que dende logo eu respecto totalmente, non o comparto, pero o respecto. Pero está claro que hai unha maioría social que votou a un partido, que é o Partido Popular, que lle toca gobernar e lle toca tomar decisións e que xa anticipou cales ían a ser as súas liñas mestras en materia de política lingüística, xa o dixo, dende logo, as cousas estaban claras. A diferenza de outros que andaban dando bandazo para resituarse e recolocarse no mapa político intentando distanciarse do BNG, un e outro distanciándose mutuamente para parecer que chegadas as eleccións autonómicas non eran o mesmo despois de catro anos de maridaxe por interese, entón había que distanciarse en algo e foi o tema da lingua. Agora veñen a dicir que a política lingüística do Partido Popular non é unha política acertada. Polo menos eu creo que si é unha política acertada, e verase se hai procura de buscar consenso, se verá, eu creo que si, e nesa liña eu creo que hai un compromiso claro, e hai un compromiso claro de respectar o Estatuto de Autonomía de Galicia, o Plan Xeral de Normalización Lingüística e a Lei de Normalización Lingüística. Eses son os tres compromisos sobre os que se vai sustentar a aprobación deste Decreto, e a partir de aí dende logo o que se buscará será encaixar as pezas para que o Decreto sexa efectivo e non se produza eu creo que o que nunca se debeu producir, que foi unha imposición do galego, porque dende logo as imposicións, dende logo nunca foron boas conselleiras, e dende logo os resultados desas imposicións nunca deron bo rendemento. Polo tanto eu creo que é conveniente pensar en cambiar o modelo lingüístico en Galicia, é importante por suposto seguir potenciando o galego, é importante tamén potenciar o uso dunha

terceira lingua, eu creo que é un aspecto no que se debe traballar profundamente no ensino en Galicia, e eu creo que este Decreto vai na liña deste novo mapa lingüístico e do novo panorama social que se abre na unión Europea e nos distintos ámbitos sociais, empresariais e de relacións sociais que temos que establecer. E polo tanto me parece coincidimos plenamente co modo, coa presentación do borrador, esperando, dende logo, que ese borrador se mellore, se traballe e se busque o consenso, nesa liña nós presentabamos a proposta de consenso que entendiamos que debía ser compartida polas tres forzas políticas pero que, si hai que dicir que o PS de G PSOE se mostraba favorable no caso de que houbo un consenso pero quen rachou ese consenso foi o BNG por un motivo claro e é que non podemos chegar a negociar un acordo onde o primeiro punto sexa a retirada do Decreto, nós apoiamos que se traballe sobre o borrador do Decreto porque (vostede o dixo inicialmente) a quen lle corresponde é ao Goberno, entón a mesma lexitimidade que tivo o Goberno 2007 vaino ter agora no 2009, a mesma, non cambiou absolutamente nada. Entón, nós propoñemos instar á Xunta de Galicia a aprobación dunha norma que garanta no ensino non universitario de Galicia o equilibrio e competencia plena entre as dúas linguas de Galicia, presentar un verdadeiro plan de aprendizaxe progresivo dunha terceira lingua estranxeira, así como a correspondente memoria económica que o faga factible, e procurar o consenso das distintas forzas políticas do arco parlamentario así como das distintas institucións, sectores sociais, membros da comunidade educativa e demais asesores e especialistas. Eses eran os tres puntos que nós entendiamos que podían ser a base do acordo. O BNG, por rendibilidade política como é habitual, rompe ese consenso e polo tanto van presentar vostedes unha proposta unilateral que tamén podería ser criticable pola oposición e pola maioría social que representa esa oposición. Eu quero recordarlle, que nas eleccións municipais, quero recordarlle que nas eleccións autonómicas na Estrada o Partido Popular, levados eses resultados a unhas eleccións municipais, o Partido Popular tería maioría absoluta, quérollo recordar, polo tanto, lexitimados máis para representar á maioría, pois os nosos resultados abalan unha maioría absoluta nos resultados das eleccións autonómicas na Estrada, por tanto, de lexitimidade podemos falar nós, vostedes creo que sacaron o 12%, o 13 ou o 14% dos votos, pois cada un no seu sitio, e non falemos nin nos fagamos adalides nin voceiros das maiorías porque iso non existe. Fáganse responsables da súa parte, da súa palabra e en moitos dos casos do seu negocio, que en moitos casos, non está mal dicilo, que foi a lingua e a utilizaron como tal. E polo tanto, dende logo neste tema, se buscamos acordo nestes puntos, terán o acordo do Partido Popular, e senón aprobarán vostedes a moción de forma unilateral.

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: *A pesares dos esforzos que os concelleiros non adscritos fixeron na Comisión de Organización para chegar a un acordo de consenso, pois vemos que foi imposible ou é imposible a día de hoxe. En primeiro lugar temos que dicir que nós tamén non somos sospeitosos de galeguismo, é dicir, aquí non se trata de facer bandeira ninguén da lingua galega nin da cultura galega porque o mamamos de pequeno e por tanto somos respectuosos co galego como calquera cidadán desta terra. Pero si está claro que observamos unha intencionalidade política de facer deste tema unha bandeira política e nós aí si que non queremos xogar. Por iso, imos ser moi breves na nosa intervención, porque de non ser factible o consenso que non era razoable e que así explicarei despois (membros do goberno viron ou manifestaron que era razoable) pois a pesar diso, non podemos chegar a ese acordo. Mire, cando vostede se refería a que algúns membros desa Corporación recoñeceran a situación catastrófica do galego..., eu non cheguei a manifestarme neses termos, eu falei dunha situación non positiva do galego pero non catastrófica. Por tanto, non sexamos... pero eu dicíalles a vostedes, recollendo os motivos da súa moción, que esa non era unha opinión dos concelleiros*

non adscritos, era unha opinión clara e concisa da Real Academia Galega, que vostedes recollen na súa exposición de motivos. Dicimos textualmente, sinala a Real Academia Galega, que en doce anos, reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego e así tamén o Consello escolar de Galicia nun informe interno tamén dicía que se perdía. Entón, nós dicíamos, o que está claro é que o galego está na UCI, vistos eses informes está claro que está na UCI, hai que sacalo da UCI, temos que sacalo da UCI. E tamén temos que dicir que se está na UCI foi porque as políticas desenvolvidas neses ámbitos nos últimos anos non deron uns resultados razoables, polo tanto algo hai que cambiar, eu non vou dicir o que hai que cambiar porque digamos que eu non teño a formación suficiente para analizar esa situación, pero algo hai que cambiar, e nós dende esa posición favorable ao cambio entendíamos que unha proposta de consenso era na liña dos tres puntos que acaba de ler o portavoz do PP. Que curioso, acordo que non se alcanza na comisión pero si se alcanza polas escaleiras no diálogo posterior porque había vontade de todos os grupos de consensuar, e é máis, membros destacados do grupo de goberno, a min me recoñeceron persoalmente que estaban a favor dos tres puntos da proposta de consenso a que chegáramos onte ás oito da tarde. E tamén xa me manifestaron tamén que descoñecían a posición do BNG, por tanto, agora hai unha marcha atrás do Goberno municipal, entendible pola situación de corresponsabilidade no goberno, pero que hai que deixar clara á cidadanía; é dicir, había vontade de consenso na maioría dos grupos políticos para redactar unha moción nesa liña que fundamentalmente recollía todos os aspectos da proposta inicial do BNG: instar á Xunta de Galicia, nós propoñemos un só punto, que era instar á Xunta de Galicia a que busque o consenso, no arco parlamentario así como en todas as institucións académicas e asociacións, comunidades educativas, sectores e especialistas, para a redacción dun novo Decreto que plantexe un futuro mellor para a nosa lingua. Logo a chegada do goberno, do pacto do goberno dicía que tamén había que introducir outros aspectos que nos parecían razoables, que estaban; que podían estar xa recollidos dentro do punto dunha forma xeral, pero que podían ser máis aclaratorios co ánimo de buscar ese consenso, pois avanzamos nese punto. Ben, unha vez máis vemos que non é posible e polo tanto, nós manifestamos o noso compromiso coa lingua, coa cultura galega, e instamos nós, aínda que non vai ser recollido na moción, si instamos á cidadanía a que saiba cal é a nosa postura e que nese arco parlamentario se busque o consenso en todos os ámbitos para garantir un futuro próspero para a nosa lingua, e a partir de aí non imos facer máis intervencións porque non queremos participar no debate político e no interese político que cada grupo poida ter neste Pleno.

Sr. Otero Espiño PS de G - PSOE: *Non é un debate político, é un debate sobre a realidade, e dende logo se Castelao e tantos outros que traballaron erguesen a cabeza neste momento dirían: “se este é o sentimento que eu deixei, o demo me leve”.. Mire unha cousa, é certo que si, que houbo intentos de chegar a acordos e eu fun o primeiro que dixen que era necesario. A Corporación da Estrada foi tradicionalmente unha Corporación que se caracterizase sempre en termos lingüísticos e culturais polo consenso e os acordos, pero evidentemente o que non podemos é empezar o cesto con vimbios podres e a ruptura do consenso veu exclusivamente pola premisa de retirar o borrador do Decreto, non por outra cuestión. O que non podemos é por unha simple cuestión de forma (que non ten outra cuestión) porque realmente no fondo da proposta xeral, era empezar un proceso novo, e empezar un proceso novo, significa que iso non vale; en calquera gran infraestrutura cando se inician as cementacións e sae mal, tírase todo e vólvese iniciar de novo. Eu respecto do sentimento galeguista persoal non vou acusar a ninguén de nada, pero non me queixo das palabras pero dos feitos si que me teño que queixar, evidentemente. E mire, a defensa do idioma, a defensa da*

lingua, non necesita carnés, necesita feitos, necesita a presenza diaria e necesita como unha masa con fermento que levede, que se expanda e iso evidentemente non creo que poidamos con estas medidas, que poidamos seguir levedando na nosa mocidade, na nosa xuventude. Respecto do borrador do Decreto que vostede di que non se coñecía cando se convocou a manifestación, quérolle dicir que este Decreto coñecía-se a principios de novembro, de decembro; coñecía-se a primeiros de decembro. Home que si que hai papeliños que saen dende alí, e foi presentado xustamente con nocturnidade, con aleivosía, con premeditación e cunha intencionalidade total, un trinta de decembro, coa comunidade escolar toda de vacacións e sen posibilidades. E a primeira vez sacando a Lei 97, ou a lei 2002, a lei do solo, que tamén saíu o día un de xaneiro. Sempre curiosamente medidas..., aínda que vostede me saque a maioría parlamentaria a relucir como apio da mesma, é curioso que saíse un trinta de decembro, cando xa todo o mundo se estaba preparando para recibir o novo ano, con esa opacidade. Polo tanto, esta medida non contou co apoio de ninguén. Aí xa fixo o relatorio a compañeira de que ninguén, sacando esa maioría silenciosa, vostede di que o respaldan; e hoxe me dicía un compañeiro: “e se é unha maioría silenciosa, ¿como saben que os apoian se está en silencio? Ou é que vostedes interpretan o silencio dos mudos. Mire, o feito dun respaldo nun momento determinado, nunhas eleccións, non dá patente de curso, e o que está claro é que o galego necesita un apoio. E vostede mire, a asociación que fai de galego con imposición, e de castelán con liberdade, non deixa de ser unha groseira falsificación da realidade. O galego está nunha situación problemática, conflitiva, difícil. E a conflitividade a están levando vostedes. E a Administración non pode deixar de facer uso das competencias que ten nesta materia, e así o di o Consello de Europa a través dos comités de expertos en linguas minoritarias. E o galego está nunha situación difícil, nunha situación complicada e evidentemente vostede facía fincapé en que nas medidas que foron adoptando, non deron o resultado apetecido pero non crearon conflito, e neste temos que ir todos collidos da man para que o futuro da nosa lingua sexa o que agardamos todos e sexa o máis próspero. E non me veña vostede coas maiorías silenciosas que o apoiaron porque vostede bótaselle as mans ao demo cando saen os números e a aritmética pois se impón, e vostede está falando e amparándose na aritmética parlamentaria. Eses non son sentimentos, esos non son sentimentos por un pobo, por unha cultura, por unha lingua. Iso é sinxelamente facer o papel de sumiso e maquillón que lle corresponde como parlamentario na Xunta de Galicia e respaldando ao seu partido. Ás veces hai que enfrontarse á realidade, aos propios correlixionarios, e sacar adiante os propios principios, nada máis.

Dna. Raquel López Doce do BNG: *Señor López, eu como dicía tamén vou ir por partes. Creo que a estas alturas vostede xa ten claro como é o procedemento normativo e lexislativo no noso sistema político, na Comunidade Autónoma, e como funciona. Eu creo que vostede xa sabe que as leis se aproban no Parlamento onde están todos os grupos políticos e os decretos os aproba o goberno, onde está o grupo ou grupos que conforman o goberno. Entón eu o que lle recoñecín, porque é así, é que o Decreto 124/2007 o aprobou o goberno, constituído no ano 2007 polo PS de G e polo BNG. O Decreto é do 2007, eu referíame a cando se aprobou o Decreto. ¿Lexitimidade? Eu creo que vostede non pode atribuír a mesma lexitimidade a un Decreto que ten o rexeitamento de todo o mundo e que vai en contra do Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento Galego, que incumpre o articulado da vixente Lei de normalización lingüística aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, amén de incumprir outra normativa como a Carta das Linguas Europeas Minorizadas (me parece que se chama así o documento), incorporado tamén ao réxime xurídico do Estado español cando se*

traspuxo á normativa estatal, cando se aprobou a súa inclusión; é dicir, eu creo que na lexitimidade hai bastantes diferenzas. Despois falan vostedes, ou vostede en particular, da busca de consenso, e vén vostede aquí sacando argumentos de Galicia Bilingüe falando de imposición, cando os datos de institucións que dende logo creo que non son sospeitosas de ser nacionalistas..., porque eu creo que coincidimos todos, algúns realmente e outros, non como vostede, que a lingua non é patrimonio de ninguén, é un ben de todos, o que pasa é que uns atácan e outros defendémola, esa é a diferenza. Entón hai os datos do informe sobre a situación da lingua, coñecido como Mapa Sociolingüístico de Galicia, cos datos recollidos sobre o ano 1992 e do 2004, que se refería o señor Reboredo porque está na exposición de motivos da moción. Vostede di que a UCI, para min é catastrófico; eu a UCI non a asocio a pronta recuperación, máis ben a resultados fatais e se non se adoptan medidas moito peor; que era a lingua na que empezaban a falar o 60% dos galegos no ano 92, e iso pasou a ser o 20% no ano 2004. Os falantes de só galego ou máis galego que castelán no ano 1992 eran o 60% de todos os galegos, e no 2004 eran o 38%, esta situación seguro que non mellorou, creo que os datos hoxe serán peores. Nunca falaban en galego o 13% no ano 1992 e nunca falaban en galego no ano 2004 o 25%, case o dobre, ademais é unha cuestión que tamén recoñece o Señor Reboredo que supoño en parte polo seu labor profesional, o 11% do alumnado recibiu todo o ensino, só en castelán, estando vixente a Lei de normalización lingüística, estando vixente o anterior Decreto; só en castelán. E é evidente que se necesitaba unha actuación que corrixisse esa situación. Esa foi a orixe do Decreto do ano 2007 que non tivo ningunha contestación social; teño que recordarllo, excepto a que xerou no ano 2009 oportunamente un grupúsculo radical e minoritario para axudarlle a ganar as eleccións ao PP. O PP, é así, e que mire unha cousa é que vostede ten que recordar que o PP ten máis deputados pero tivo menos votos, e esa lexitimidade da que tanto falan, eu agardo que a tortilla teña a volta á volta dos catro anos. Que a pode ter e a terá, sobre todo con políticas tan agresivas como están tendo con todo, non só coa lingua, con todos os sinais de identidade, cos sectores produtivos deste país. Porque vostedes en vez de PP, van a cambiar as siglas, van a ser “DD”, “derrubos e demolicións”, de todo, de todo o que mantén en pé este país. Como lle dicía, a lingua non é patrimonio noso, nós recibímola, cando a nosa xeración, os de máis idade, que están neste Salón de Plenos, recibiron a lingua, posiblemente fora o 80, o 90% da lingua de inicio. O que temos que saber é o que lle deixamos aos nosos fillos, porque non é unha cuestión só de hoxe, de nós e dos que teñen fillos no ensino; a lingua é de todos, os que estiveron nola transmitiron e é a nosa responsabilidade coidala e mantela e transmitirla aos que virán despois, porque Galiza vivirá moitos anos máis aínda que haxa quen non queira que teña futuro. Non se ría porque nese grupo eu inclúo ao Partido Popular; é así vostedes aspiran a que este país non sexa país e sexa outra cousa, porque posiblemente (eu creo que xa é bastante evidente) escollen referentes, é dicir, non hai máis que botar unha ollada aos novos cargos que puxeron no goberno autonómico, é dicir, é tal o desprezo que senten polo país que non lles vale a xente do país e trouxeron xente de fóra. Iso é así, o borrador de Decreto do galego no ensino non foi a primeira medida; a primeira medida foi suprimir a obrigatoriedade do coñecemento do galego para o acceso á función pública, ¿con que finalidade? Pois supoño que para que a cidadanía que se dirixa á Administración teña que facelo en castelán e non poida facelo en galego. Tampouco quero dilatar-me moito, creo que os argumentos están todos expostos. Como lle dicía hai un momento, non se pode querer nadar e gardar a roupa, cando un cre en algo ten que mollarse, vostede ten que definirse; creo que xa se definiu con esa referencia á imposición do galego que eu nunca vin, vamos, nin eu nin ninguén porque non existe, se vostede colle a prensa, eu vexo que está maioritariamente en castelán; se encende a televisión, excepto unha canle todos os demais están en castelán; vai vostede a calquera

administración pública e aténdeno en castelán; vai vostede a unha librería, a maioría da literatura ou da prensa que pode vostede mercar está en castelán; eu a verdade é que a imposición nunca a vin. Finalmente, como lle dicía, vostede ten que pronunciarse, está a favor da adopción de medidas en contra do galego como é este Decreto, e polo tanto non pide a súa retirada ou está a favor do galego e pide a retirada desta (eu non podo cualificalo como outra cousa) barbaridade e ataque directo ao sistema de transmisión dun idioma como é o ensino.

D. José López Campos, do PP: *Moi ben, moitas grazas, que gran xuíz perdeu este Concello, señora López Doce . Porque vostede é xuíz e parte aquí. Vostede o que fai é as declaracións e as sentenzas. Vostede é quen di aquí que se o Decreto é en contra ou a favor do galego. É vostede a que ten a lexitimidade de sentenciar a favor do que vai votar o Partido Popular. Pois mire, o Partido Popular é un partido galeguista. Eu son un firme defensor da cultura e da lingua galega, e eu vou apoiar, e o digo firmemente, o borrador do Decreto, que se están equivocando que están cometendo un gran erro, está claro que queren enganar a unha parte que se deixa enganar, dende logo a nós non nos van a enganar. Non esteamos comparando cousas que non son comparables, non comparemos unha política de feitos consumados que foi o Decreto 124/2007, cun borrador de Decreto que se presenta para a súa negociación. Non queiramos enganar. Haberá unha parte, un sector da poboación que o queira entender, que lles guste mercar ese produto que a vostedes lles vai moi ben vendelo, e haberá outra parte da poboación que quere saber a verdade. Estamos falando dun borrador, dun documento que se presenta para a súa negociación. Señor Espiño, vostede fixo unha casa, polo menos a súa, non a fixo pero buscou quen lla fixese, e cando vostede tivo que cambiar algo na súa casa, cambiaríao en planos non cambiaría cimentación; cando faga vostede a cimentación supoño que terá os planos acorde co proxecto que quere facer; polo tanto aquí non é cuestión de derrubar a cimentación, esa é a mensaxe que vostedes queren trasladar. Este é o momento de coller o proxecto que se presenta e modificalo ao gusto do consumidor final que, nese caso, na súa casa era vostede e neste son os galegos. E isto é o que se vai facer e o resto é demagogia, enganar e mercar carnés de galeguidade e en definitiva enganar aos veciños e aos cidadáns de Galicia, intentando dicirlles que vostedes son os firmes defensores do galego e da súa cultura, cando é radicalmente falso. E cando vostede fale dos cargos orgánicos do Partido Popular, eu invítolle , invítoa de verdade ao próximo Pleno que imos ter a semana que vén no Parlamento de Galicia para que veña vostede coñecer ás señoras que representan ao BNG no Parlamento de Galicia. Supoño que cando as coñeza, con vostede tamén falarán en castelán, como falan habitualmente na súa vida, que non din nin unha soa palabra en galego, a non ser cando se soben ao estrado, polo tanto non me veña vostede a dicir a min que o Partido Popular, que o BNG, que o PSdeG PSOE..., porque en todos os sitios hai igual e eu lle podo dar nomes de tres deputadas que non din unha palabra en galego fóra do arco parlamentario, polo tanto, non me veña vostede aquí vendendo motos políticas. Hainos en todos os lados, o que está claro é que falamos do sentimento maioritario, e o sentimento maioritario no Partido Popular é que é un partido galeguista. Haberá de todo no medio pero é un partido galeguista maioritariamente. Igual que no BNG, exactamente igual, nin máis nin menos, o que pasa é que claro, vostedes venden un produto que a unha parte da poboación lle interesa mercar. E a min paréceme lexítimo, é parte da política, é xogo político, e nese produto que vostedes venden hai un pack; o pack dous por un, que é por un lado lingua e nación e por outro lado o pack PS de G-PSOE e BNG, porque vostedes cando din que o Partido Popular ten menos votos..., ¿menos votos que quen?, ¿vostedes preséntanse xuntos a unhas eleccións autonómicas ou municipais? non, ¿van xuntos? non, pois entón cambien as siglas e fagan un partido novo. O Partido Popular sacou o 18% de votos máis que o PSdeG PSOE e o 35% máis que o BNG,*

35 puntos máis e 18, pois se iso non lle chega...; unan ao seu electorado, presenten un programa político común e busquen unhas siglas conxuntas, pois empezaremos a falar, mentres tanto son vostedes dous partidos e non queiran xogar ao dous por un. Non queiran xogar ao nación-galeguismo, carnés de galeguismo e somos os máis galeguistas, nin queiran xogar ao bipartito constante, non, porque o que trae o bipartito xa o sabemos, non fai falta que nolo expliquen vostedes. Mire, imos ver, dixo vostede unhas palabras, teño aquí apuntada unha cousa, que de verdade que non o ía dicir, pero vouno dicir, despois do que dixo vostede de que o Partido Popular, o seu obxectivo vital é arruinar todo o que cheire a Galicia; pois voulle dicir cal foi a orixe do seu gran fracaso e a orixe das políticas que puxo en marcha o bipartito en moitos eidos, en moitos aspectos da vida que afectaban ás persoas, como podía ser o Decreto do galego, que si é certo que non xerou grandes manifestacións pero xerou un descontento importante, o que pretendía facer cos comercios de obrigar a rotular a estilo “made in Cataluña”, temas estes que si venden moito, si dan moita imaxe, moito prestixio para a súa cota electoral, pero dende logo á maioría dos veciños, dos galegos, non lles interesa, é un tema que está por encima diso. E con esas políticas vostedes o que xeraron foi un sentimento de galegofobia, eu estou convencido que os datos á saída do bipartito da Xunta de Galicia de galegofalantes ou de persoas que se expresan habitualmente en galego, son peores que cando entrou o bipartito. Estou plenamente convencido, porque xeraron un sentimento de galegofobia . A xente dende logo non comprendeu as súas políticas sectarias, e cando vostedes teñen a posibilidade de gobernar, son sectarios. É un problema pero hai que vivir con el, e o demostraron en máis dunha ocasión. E polo tanto, dende logo consellos gústame recibilos pero hai que collelos de quen veñen. O que está claro é que mire, eu non fixen como pretende dicir o voceiro do PS de G-PSOE, asimilacións de galego-imposición, castelán-liberdade; non, non, eu falei, e dígollo e repítollo para que lle quede claro, eu falo; bipartito-imposición, PP-liberdade, esa é a asimilación que fago eu, liberdade lingüística, liberdade de elección, consultas que pode haber, dende logo eu creo máis democrático que facer as consultas ás persoas que teñen que tomar as decisións ou que se ven afectadas polas normas...; pois está claro que eu non asimilo o galego e o castelán a ningún tipo de cualificativo, a ningún. Dende logo para min son extremadamente importantes, e eu creo que se están a politizar demasiado, e me parece que deberían escapar ás veces do debate político, aínda que vista a pequena diferenza que establece o PS de G-PSOE para non chegar a un acordo...; eu quérolle recordar, señor Espiño, que vostede di que por parte do PP non hai vontade de consenso porque o único que non admite é que se incorpore a retirada do Decreto. Eu quérolle recordar que quen propón este acordo é o Partido Popular, iso é o primeiro. Nós presentamos o mércores pola mañá este acordo que llo deixei eu na Alcaldía para intentar chegar a un consenso neste tema. E dixemos dúas cousas, e creo que quedaron claras na Comisión. Nin o PP vai pedir a retirada do Decreto 124/2007, nin entendemos que ningún dos outros grupos deba pedir a retirada do borrador do Decreto porque vostedes están falando dun Decreto que non existe. Estamos falando dun borrador dun decreto para negociar sobre el, e polo tanto establecemos esas condicións que no primeiro momento (e vostede me dirá se é verdade ou non) a vostede lle pareceu razoable non falar de retirar este borrador nin de anular o Decreto en vigor; e a partir de aí falamos dun escenario no que haberá que traballar sobre o proxecto para modificar o que sexa posible modificar ou o que interese modificar ou o que a sociedade mande que se modifique, e eu estou de acordo en traballar ese consenso, os consensos hai que traballalos, e polo tanto aí o goberno terá unha mostra clara da súa capacidade, dará mostra da súa capacidade e terá que negociar e polo tanto terá que buscar o consenso onde o teña, e onde non o teña, terá que buscalo tamén; e iso é o que nós pediamos e o que nós queriamos que se fixera. Vostedes, claro, como xa asumen que este Decreto é firme,

que xa está en vigor, como queren enganar ou lles interesa enganar, con esa mensaxe, pois dende logo non son capaces de saír dese contexto ou desa política... Dende logo, pola nosa parte queda claro que non podemos apoiar de ningunha maneira a proposta que fai o BNG en conxunto co PS de G-PSOE. Si cremos que podemos facer un esforzo de acordo por chegar a un consenso nesta proposta pero o punto de partida e condición sine qua non...; porque cando un quere negociar, dende logo non pode chegar e dicir “bueno, ou introducimos a retirada do decreto ou non hai negociación”, pois logo non haberá negociación. Por tanto, como non hai vontade, pois nós reafirmamos, e o reafirmamos publicamente, que traballaremos na liña de que a Xunta de Galicia aprobe definitivamente unha norma que garanta no ensino non universitario o equilibrio e competencia entre as dúas linguas de Galicia, que presente un verdadeiro plan de aprendizaxe dunha lingua estranxeira cun plan económico viable, e que se procure o consenso das diferentes forzas políticas do arco parlamentario, das institucións e de todos os sectores implicados e afectados ou que demanden ese consenso. Seguimos dicindo e seguimos mantendo e seguiremos traballando nesa liña, nada máis.

Sr. Reboredo Baños: *Brevemente, non tiña pensado intervir pero vouno facer por unhas palabras do Señor Espiño para matizalas. É evidente que o problema está na retirada do Decreto, do borrador do Decreto, está aí o problema. Nós xa manifestamos na comisión, á saída da comisión, o que acaba de dicir o portavoz do PP: que para non ir máis alá nin pediamos a retirada do borrador nin a do Decreto porque estamos seguros que se o arco parlamentario e as institucións educativas e lingüísticas deste país chegan a un acordo de consenso no parlamento, vai provocar a retirada do borrador e máis do Decreto 124, pero por unha cuestión de lóxica, porque haberá que redactar un novo decreto. Mire, señor Espiño, eu non coincido con vostede coa súa manifestación nun sentido, mire, recoñeceu vostede que as medidas aplicadas non deron os froitos apetecidos, pero que como non xerou conflito o 124, entón estamos na pescadilla ao revés, temos unha mala norma que non dá os resultados apetecidos pero como non xera conflito, seguimos así, seguimos co paciente, seguimos na UVI (que, por certo, estar na UVI non significa estar en estado terminal, que significa incluso estar en estado preventivo, que é no que pode estar o galego neste momento), entón, como está na UVI e como non hai conflito, entón non lle aplicamos as terapias axeitadas e deixámolo morrer. Pois nós estamos en contra de que non se lle aplique ao enfermo a terapia axeitada para reconducir a situación lingüística deste país para que o galego ocupe o lugar que lle corresponde por Constitución e polo Estatuto.*

Sr. Otero Espiño PSdeG - PSOE: *Eu cando me refería ás medidas evidentemente están aí os datos, son constatables. Dende que se aprobou a Lei de normalización lingüística os resultados son constatados, os resultados son dun descenso continuado no uso sistemático do galego como apuntaba a compañeira. Eu non falei para nada do Decreto 124, non, non, é que ese Decreto, se foi aprobado no ano 2007, ¿onde esta criatura tivo tempo de operar sobre a sociedade?, non se lle ocorre a ninguén. Coa retirada do borrador coincido con vostede, se hai consenso evidentemente significará a retirada do borrador, e significará tamén a retirada do 124, polo menos naqueles aspectos máis significativos que poidan ser modificables como apuntaba o Consello da Cultura de Galicia. O que si está claro é que era unha cuestión clara e o dixen claramente con respecto da cimentación; con vimbios podres non se empeza un cesto, é o mellor cando a cimentación está adulterada, o mellor é empezar de novo; se o ferro leva aluminose, vostede, señor López, pode facer as correccións que vostede queira no plano, que na estrutura non se vai corrixir. Mire, respecto do que dicía o señor Reboredo da UCI, que logo cambiou pola UVI: medidas preventivas, medidas traumáticas, home, eu non son tan*

catastrofista, non está en boa situación, pero esperemos que da UVI non colla un virus hospitalario e vostedes o manden con eses decretos ao cadaleito e á sepultura. En calquera caso, aquí o salva-patrias é o PP e o que está claro é unha cousa, mire, o bipartito significa bipartito e vostede de bipartito non poden falar..., xa llo dixen unha vez que o coñecen moi ben, e o bipartidismo tamén téñeno aquí nas súas propias filas. E neste caso o bipartito o que fixo foi un compromiso serio coa lingua, non tivo tempo de levalo á práctica e o PP o que está facendo é poñer as bases de deixadez, de despilfarro, de insolencia e dende logo de desprezo ao que é o noso sinal máis propio de identidade.

Finalmente, adóptase o seguinte ACORDO cos votos a favor dos Sres. Concelleiros do grupo do PS de G-PSOE e do grupo do BNG, e cos votos en contra dos Concelleiros do grupo do PP e os Concelleiros non adscritos:

Instar á Xunta de Galicia a:

- 1.- Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública; e establecer medidas de protección da lingua galega para superar a súa posición de desvantaxe.
- 2.- Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.
- 3.- Presentar un verdadeiro plan de aprendizaxe de linguas estranxeiras factible e rigoroso sobre a base de continuar e potenciar as medidas acometidas desde o anterior goberno e coa súa correspondente memoria económica que o faga factible.
- 4.- Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias.
- 5.- A enmarcar dito consenso, tal e como defende o Consello da Cultura Galega, na constitución do Parlamento de Galicia dunha Comisión Parlamentaria na que estando presentes as tres forzas do arco parlamentario conte coa participación das distintas institucións, sectores sociais, membros da comunidade educativa, ademais de asesores e especialistas.

Continuando coa sesión, **FÓRA DA ORDE DO DÍA**, toma a palabra o D. José López Campos, do PP para expoñer unha moción con carácter de urxencia,

D. José López Campos, do PP: *Xa non procedo á lectura, simplemente é unha moción urxente para expresar o noso rechazo, o rechazo da Corporación Municipal, o rechazo unánime e de apoio da Estrada a Roberto Blanco Valdés polos feitos acontecidos a pasada semana. Non fai falta darlle máis contido en lela e supoño que a transcribe o Secretario que ten copia da moción.*

Seguidamente, adóptase por unanimidade o seguinte ACORDO:

- 1.- Condenar a acción violenta perpetrada sobre a persoa de D. Roberto Blanco Valdés, nun intento inadmisíbel nunha sociedade democrática como a nosa, de coartar un dereito fundamental que temos os cidadás de expresar e difundir libremente os seus pensamentos, ideas e opinións.
- 2.- Facer chegar a D. Roberto Blanco Valdés, o apoio institucional do Pleno do Excmo. Concello da Estrada, ante os feitos acontecidos.
- 3.- Facer chegar a D. Roberto Blanco Valdés e a toda a súa familia, a solidariedade do pobo estradense para con todos eles.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 15 DE DECEMBRO DE 2009.

Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 1478 e 1567 correspondentes ao días do 1 ao 15 do mes de decembro de 2009.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS:

D. José López Campos, do PP: Ben, xa non pecho o micro. Despois deste debate que espero que continúe en aras do entendemento como esta é a parte de control e de xestión pois espero que teña cumprida resposta por parte do goberno. Creo que un dos temas de actualidade que é conveniente tratar hoxe e esclarecer visto tamén e alegrándonos do cambio de actitude que tivo o goberno nestes últimos días (polo que podemos saber estes días polos medios de comunicación), en relación á organización das festas patronais, que creo que é tamén un tema importante e ademais do que nos alegamos profundamente de que o goberno descubriuse o significado dunha palabra que é “transparencia”, que é unha palabra bonita e dende logo que debe lucir no haber de todos e cada un dos políticos; é importante que debemos ser o máis transparentes posibles, e me gustou que o concelleiro delegado falase dunhas festas transparentes, dunhas festas dende logo ambiciosas na medida do posible e na que buscaba ou intentaba buscar o consenso maioritario das forzas políticas e aí xa lle anticipo que nos atopará seguramente. Pero eu creo que é importante non comezar cunha organización que arrastre unha hipoteca que non poidamos pagar. E dende logo creo que é conveniente sanear e depurar a información e unha vez que teñamos toda a información pois dende logo eu creo que teremos que facer borrón e conta nova e poñer o contador a cero para empezar a traballar no interese xeral de todos os veciños da Estrada e sobre da imaxe que poidamos transmitir a través dunhas festas patronais, máis se cabe cando este ano a responsabilidade directa (aínda que indirecta xa era), a responsabilidade directa vai ser do Concello da Estrada. Por tanto, eu creo que todos debemos implicarnos nela. Por tanto, pedimos que para conseguir este obxectivo debemos aclarar e pechar definitivamente o pasado, porque estamos seguros de que vai ter unha clara influencia no futuro, e dende logo hai que deixar as feridas cicatrizadas, polo que plantexamos as seguintes preguntas que esperamos que sexan respondidas e polo tanto nos daremos por satisfeitos xa coa súa resposta e empezaremos a poñernos a disposición do goberno para traballar no que é o proxecto de festas patronais para este novo ano.

A primeira pregunta que lle queremos facer ao goberno, é: ¿cal é a responsabilidade dos membros da Xunta de Goberno Local que encargaron a organización das festas e deron cobertura á comisión de festas organizadora do San Paio 2009? Outra pregunta: ¿o Concello é responsable subsidiario das débedas contraídas pola Comisión organizadora e que aínda están sen pagar?.

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito.

D. José López Campos, do PP: ¿A canto ascende o déficit orzamentario do San Paio 2009?.

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito.

D. José López Campos, do PP: Polas noticias publicadas polos medios, o Concello asumiu a responsabilidade da organización dos festexos os tres últimos días da súa celebración e polo tanto sábese ou temos información de que se adquiriron determinados compromisos, polo tanto preguntamos qué compromisos adquiriu o goberno e que xestións se fixeron para garantir a celebración da maioría dos actos incorporados no programa das festas dende o momento en que o Concello asumiu a responsabilidade da organización dos festexos.

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito.

D. José López Campos, do PP: Sabemos tamén polo que se vai sabendo ao redor deste tema con bastante carga informativa, que un dos grandes problemas cos que se atopou o Concello cando se fixo cargo das festas, foi efectuar o pagamento que estaba pendente ao representante do grupo La Oreja de Van Gogh. Estaba sen efectuar polas informacións que nós temos, a metade do custo desa actuación, entre 27.000 e 30.000 euros, e tendo en conta que no momento de efectuarse este pagamento o Concello xa asumira a responsabilidade dos festexos, ¿de qué maneira se efectuou este pagamento?

Sr. Alcalde: Iso xa llo contesto agora, iso é falso.

D. José López Campos, do PP: Estou preguntando, non estou afirmando.

Sr. Alcalde: Falso, polo tanto non teño nada que contestar.

D. José López Campos, do PP: Moi ben, eu estou preguntando, cómo se efectuou o pagamento.

Sr. Alcalde: Que digo que non efectuamos ningún pagamento.

D. José López Campos, do PP: Non, non pero eu non estou dicindo o Concello, eu estou preguntando, estou dicindo que o Concello se fixo responsable ou anunciou que se facía responsable da organización o venres á mañá.

Sr. Alcalde: Non, non, está vostede moi equivocado. O Concello solucionou un problema que se creara pero non se fixo responsable de nada.

D. José López Campos, do PP: Vamos a ver, eu creo...

Sr. Alcalde: Non imos a iniciar un debate, señor López.

D. José López Campos, do PP: Vou a seguir preguntando. Entón temos información equivocada, posto que nos medios o venres das festas da Estrada apareceu o concelleiro dicindo que ía a crear unha comisión entre algún membro da comisión e algún funcionario do Concello e incluso el mesmo, que catalogou como comité de crise, que ía a ser o que ía a xestionar as actividades ata a finalización das festas e ía suplir o traballo da Comisión de Festas; iso non é falso iso é a realidade, polo tanto si houbo unha asunción por parte do Concello da responsabilidade das festas patronais a partir do venres das festas San Paio 2009. Iso non é falso, ou polo menos se é falso vostedes mentiron aos medios de comunicación e mentiron aos estradenses. Entón, como damos por feito que o concelleiro non mentiu, é importante saber de onde saíron os cartos para facer fronte ao pagamento dese concerto que estaba confirmado pero sen efectuar o pagamento e incluso soou que se podía ter anulado como tamén se anulou despois o concerto do día seguinte. A nosa pregunta

é como había un comité de crise que controlaba todo, entendo que esas cuestións tamén se controlaban a través do comité e a nosa pregunta o que queremos saber aínda que sexa por escrito é como se efectuou ese pagamento que estaba pendente e que a comisión de festas non tiña recursos para pagar.

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito porque con vostede é imposible.*

D. José López Campos, do PP: *Alégrome de que entendese a pregunta. Tamén, aparte deste concerto da Oreja de Van Gogh, para o fin de semana se agardaban tamén as orquestras máis importantes e os maiores espectáculos , aínda que algúns se chegaran a suspender por decisión dese novo comité de crise que asumiu a responsabilidade das festas. Nos gustaría saber de qué forma se garantiu o pagamento desas actuacións, desas orquestras de primeira liña a nivel galego que viñan actuar os días importantes das festas San Paio 2009 na fin de semana.*

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

D. José López Campos, do PP: *Tamén outra pregunta que debemos obter resposta, se o representante ou representantes destas orquestras teñen cobrado a día de hoxe o pactado co goberno nas distintas reunións que se celebraron no propio Concello durante eses días.*

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

D. José López Campos, do PP: *Outra pregunta en relación ao tema das festas (e no momento en que as teñamos contestadas como xa dixen oportunamente coa información encima da mesa nos daremos por satisfeitos). Tamén queremos saber, falando desa transparencia, cal foi a recadación final obtida despois do chamamento do goberno á colaboración cidadá para paliar o déficit orzamentario das festas San Paio 2009.*

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

D. José López Campos, do PP: *Moi ben, e como xa dixen, se queren transparencia creo que deben dar cumprida resposta a estas preguntas, e como xa dixen ao principio, encontrarán o apoio firme e decidido do Partido Popular en esa nova andaina da organización das festas patronais.*

Sr. Alcalde: *Non dubido do seu apoio e do seu grupo.*

D. José López Campos, do PP: *Téñao por seguro, iso garántollo eu. Outro tema importante é no relativo ás beirarrúas de Codeseda. Tema máis que debatido e dende logo este si que está na UVI como dicía a señora López Doce, este enfermo si que está na UVI. Ás preguntas de concelleiros desta Corporación, no pasado Pleno Ordinario se informaba por escrito que existe un informe que determina que a propiedade dos terreos afectados polas obras das beirarrúas de Codeseda son de titularidade pública. Ese informe se nos facía chegar por parte do Goberno, a preguntas da oposición. Cómpre facer as seguintes preguntas:*
¿Ten vostede constancia deste informe?

Sr. Alcalde: *Contestarémoslle por escrito.*

D. José López Campos, do PP: *¿Cales son as conclusións definitivas do informe?*

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Que actuacións vai a facer o goberno para desbloquear este proxecto?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Cales son os prazos estimados para o remate definitivo desta obra?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: Despois dunha nefasta xestión neste tema, vostede forzou unha votación na parroquia na que afirmou que asumiría o resultado desa votación, agora que ten clara a titularidade da propiedade afectada, ¿vai cumprir vostede con ese compromiso adquirido cos veciños de Codeseda?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Vai ocupar os terreos para facer as beirarrúas como se contemplaba no proxecto inicial?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿En qué prazo vai a cumprir vostede coa obriga de poñer os terreos que faltan para rematar esta obra a disposición da Deputación de Pontevedra?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: :Espero que as contestacións por escrito non sexan como as das últimas preguntas nas que non se contesta practicamente nada, espero que teñamos cumprida respostas ás preguntas.

Sr. Alcalde: Señor López, non faga declaracións permanentemente de intencións, eu lle digo que lle contestarei por escrito e punto e final, e lle contestarei o que teña que contestarlle, vale... pode continuar coa quenda de rogos e preguntas.

D. José López Campos, do PP: E eu lle digo, que teño que preguntarlle o que vou preguntarlle, non se ten que molestar vostede.

Sr. Alcalde: Perfecto, e eu non me molesto en absoluto.

D. José López Campos, do PP: Pois parece.

Sr. Alcalde: É a súa apreciación.

D. José López Campos, do PP: É o que transmite vostede. Máis talante señor alcalde, a parte é o que lle vai a vostede; aos socialistas, o tema do talante aínda que xa se lles acabou o discurso

D. José López Campos, do PP: Outro tema que eu creo que é bastante preocupante e dende logo e conveniente tratar e debater pero neste caso tocar falar del no aspecto de rogos e preguntas na fiscalización ao goberno. Decía nunha intervención

anterior, a señora López Doce que no ano 2007, anteriormente as taxas non se subían ou se subían porque aínda que A Estrada estaba sumida nunha profunda crise económica; agora a crise é practicamente igual, polo que se desprendía das súas palabras, pero eles conxelan as taxas. Ben, eu voulle a dar uns datos que seguramente os coñecen e espero que os fagan reflexionar e que a reflexión lle valga para contestar por escrito ás preguntas que lle vou a facer.

- Datos do paro no Concello da Estrada. Dende que gobernan vostedes no Concello da Estrada, alá polo mes de xuño do ano 2007, na Estrada había 953 persoas en paro. Desas 953 en xuño de 2007 pasouse a 1828 persoas en situación de desemprego a 30 de xaneiro de 2010, o que representa un incremento do 92% no desemprego local. Curiosamente é certo, xa o dixen en máis dunha ocasión, que as competencias municipais en temas de emprego son limitadas, é certo, hai algunhas políticas de estímulo laboral. Por exemplo vostedes tiveron a contratación do Plan E no que basearon a forza dese proxecto, a forza dese ambicioso plan posto en marcha polo goberno central, na dinamización do mercado laboral, era unha das partes fundamentais dese proxecto, da contratación de persoas en desemprego que así o tiñan que acreditar e agora vostedes o teñen que xustificar a través do correspondente certificado, a creación de emprego de persoas que estaban desempregadas (que ese será outro tema que trataremos seguramente noutro pleno), pero hai un aspecto que é importante e é que, mentres que na Estrada o desemprego dende xuño de 2007 a xaneiro de 2010 se incrementou nun 92%, no conxunto da Comunidade Autónoma, no conxunto de Galicia o incremento do paro no mesmo período foi dun 62,5%; os datos creo que son suficientemente preocupantes. Estamos falando que temos un diferencial de case 30 puntos por encima da media de Galicia. Case 30 puntos de xuño do 2007 a xaneiro de 2010, da media galega. Datos creo que concluíntes e importantes, polo menos coñecelos. Pero ademais durante as únicas dúas actuacións tibias que se puxeron en marcha que foi pois por un lado o Plan E e por outro lado o Plan de Emprego anti crise que creou o goberno no orzamento do ano 2009, coincidindo aproximadamente co período de máxima contratación que podía ser de xuño a xaneiro de 2010, A Estrada pasou de 1466 desempregados a 1.828, o que representa un incremento dun 25%, pero curiosamente o diferencial co conxunto de Galicia segue sendo de dez puntos nese semestre. Segue estando o incremento do paro na Estrada nun 25% e o incremento do paro do nivel galego a un 15%, estamos dez puntos por enriba das taxas de incremento do paro. Por tanto, cremos, aparte das políticas erróneas do goberno central, das políticas aplicadas polo goberno autonómico e das políticas aplicadas polo goberno local, hai algún aspecto diferenciador do que se está facendo neste Concello que indica que algo vai mal. Estamos claramente nunha situación extremadamente preocupante. Nesa liña e despois desa introdución, eu quería facer as seguintes preguntas:

¿Qué valoración fai o goberno destes datos do desemprego no noso Concello?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: *¿Ten feito o goberno unha análise dos datos de desemprego e da súa evolución?*

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: *¿Cales poden ser os motivos dos diferenciais de evolución do desemprego na Estrada con respecto ao conxunto da nosa Comunidade?*

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Pode existir unha relación directa entre a lamentable evolución do paro na Estrada e as contratacións dirixidas das obras do Plan E?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Existe relación entre a evolución do paro e as contratacións das obras do Plan E, e que con 3,6 millóns de euros de investimento tan só conseguiu que se crearan 27 postos de traballo?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Qué medidas ten pensado poñer en marcha o goberno para paliar a grave situación en que se atopa o mercado na Estrada?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: Como xa sabía cal é a resposta, tamén a teño por escrito. Se teñen pensado contestar por escrito e se teñen pensado poñer algunha medida en marcha, ¿cales son esas medidas e de qué forma incentivarán o emprego?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Cal é a súa política e que actuacións están poñendo en marcha para dinamizar o pequeno comercio?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Cal é a súa política e que actuacións están a poñer en marcha para apoiar e dinamizar á pequena e mediana empresa?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿cal é a súa política e que actuacións están a levar a cabo para apoiar aos sectores locais?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: ¿Cales son as previsións do goberno de evolución do desemprego a curto, medio e longo prazo no noso Concello?

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito

D. José López Campos, do PP: Moi ben agradézolle o seu esforzo imaxinativo. No relativo aos rogos é conveniente que sigamos falando dun tema que aínda que no seu momento xerou bastante debate neste Pleno e a señora López Doce empeñou a súa palabra en falso dicindo que o Regulamento de Participación Cidadá, as actas colgadas na Internet e que estaba totalmente ao día toda a información habida e por haber, queremos dicir que nin foi verdade cando vostede o dixo (amablemente fixo a súa rectificación), nin foi verdade despois, nin é verdade na actualidade. Eu quéro lle recordar que na páxina do Concello unicamente se están colgando o que son as actas dos plenos e non hai nin unha soa acta das Xuntas de Goberno Local; hai

única e exclusivamente algunhas ordes do día colgadas pero non hai nin unha soa acta da Xunta de Goberno Local. Polo tanto, rogamos en relación con este tema dous aspectos. En primeiro lugar, que procedan a cumprir co regulamento que vostedes crearon e que colguen na páxina do Concello as actas da Xunta de Goberno Local, e outro rogo relacionado xa, e repetido en múltiples ocasións, que convoquen e comuniquen aos concelleiros desta corporación municipal a través de correo electrónico tanto as actas como as convocatorias das comisións, dos plenos etc, ou toda a documentación que teñan que enviar. Voltámosllo a requirir por enésima vez, pero sería importante que remitisen as actas en soporte informático e as convocatorias de igual maneira.

D. José López Campos, do PP: *E finalmente quería facer un rogo tamén, e é sobre unha información que saíu precisamente hoxe nos medios sobre o descontento que ocasionara o apagón analóxico previsto por parte do goberno no Concello da Estrada. Eu quérolle recordar, me parece que foi no Pleno de marzo do ano pasado no que se debateu unha iniciativa do PP na que se falaba da problemática do apagón analóxico na Estrada. Naquel momento falamos de que había un problema no mapa dixital; que A Estrada estaba encadrada dentro da área técnica de Domaio pero realmente a efectos prácticos, recibía o sinal do Pedroso e polo tanto había unha descordinación entre a información que nos daban sobre o apagón analóxico e a que efectivamente íamos a recibir. No momento en que o Pedroso deixara de emitir, A Estrada aínda estando na área técnica de Domaio deixaría de recibir o sinal. Nese momento preguntamos cales foran as accións que fixera o goberno local co seu goberno amigo na Xunta de Galicia para adaptar os seus microemisores e incorporar ao Concello da Estrada no plan de cobertura dixital no convenio que asinaron anualmente a Xunta e o Ministerio. E nesa liña é curioso porque o Concello da Estrada nin figuraba nin se esperaba que figurase, é dicir, o goberno bipartito olvidou totalmente deste problema importante para os veciños; así o denunciámos hai agora un ano, e durante a etapa bipartita, así como outros concellos si previron a posibilidade do apagón e se foron anticipando e adaptando os seus microrremisores para recibir o novo sinal, o Concello da Estrada estivo de brazos cruzados esperando, e o bipartito non incluíu dentro dos seus plans de actuación ó noso concello; polo tanto, produciuse un terrible retraso que nós xa denunciámos con anterioridade. Polo tanto, o rogo é que o que non fixeron anteriormente que o fagan agora e que informen aos veciños sobre a situación actual das zonas con problemas de cobertura e cales son as posibles solucións que se lle poidan dar, asumindo que dende logo as incapacidades que demostran constantemente pois xeran estes problemas e está claro que agora a incompetencia téñena que pagar os propios veciños da Estrada, polo tanto rógolles que nos medios que poidan, pois a través de comunicación por carta, a través dun bando ou a través de información nos medios, pois que detecten cales son as zonas nas que hai problemas de visión da televisión e poidan poñer en marcha os mecanismos necesarios para poder paliar eses problemas, nada máis.*

Sr. Alcalde: *¿Rematou?. Ben, dúas cousas, voulle respostar a este rogo porque teño información. ¿Vaime vostede permitir falar no Pleno, non? Vale. Ben, eu na miña vida vin desfachatez semellante neste tema. Imos ver, eu voulle explicar o procedemento. Dende hai moito tempo, moitos meses, eu creo que dende antes de estar vostedes gobernando a Xunta de Galicia, dende o Concello da Estrada lle fixemos saber á Xunta de Galicia, á Secretaría Xeral, os problemas que había na Estrada e fíxose un estudo de cobertura que se remitiu á Secretaría Xeral de Medios, advertíuselles que había zonas que ían traer problemas, foise a todas as reunións que se convocaron, advertíuselles nas reunións de todos os problemas que había na Estrada. Ben, foron pasando os días con todas as advertencias que lle fixo este*

gobierno, vendo o problema que se lle viña encima. A Consellería, que é a que ten que garantir que o sinal chegue (a Consellería, non este Concello, ¿verdade?). E as cousas que a Consellería nos pediu que fixésemos fixémoslas, ¿vale? Chegou o momento e houbo problemas; ben, sae nos medios de comunicación unha nota dicindo os problemas que había e ao día seguinte chámame o Secretario Xeral Técnico de Medios da Xunta de Galicia e dime “o que faga falta, contas con toda a miña colaboración, toma o meu número de teléfono móbil, chámame cantas veces faga falta, imos ir explicar o que faga falta, imos a hacer...”, ben pois isto é o que hai. Agora acusar encima ao goberno local da responsabilidade de que seguen sen sinal dixital as casas da Estrada..., isto é increíble, vamos .

D. José López Campos, do PP: Eu non culpei a ninguén.

Sr. Alcalde: Señor López, non me interrompa faga o favor. Polo tanto, esa é unha responsabilidade da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia que terán que resolver; contarán con toda a nosa colaboración como contaron ata agora e non hai ningún problema; agora ben, nós advertimos con tempo suficiente para que se tomasen as medidas. Advertimos de cales eran as deficiencias, fixemos un estudo e polo tanto a nós non se nos pode acusar de non ter actuado con dilixencia nesta cuestión. E xa lle digo, o propio Secretario Xeral Técnico recoñeceu que a pesar dese problema de estar na área técnica de Domaio, eles sabían que recibiamos o sinal do Pedroso e que polo tanto tiñan que facer as actuacións, e me dixo que se farán as actuacións que se teñan que facer e que darán as explicacións que se teñan que dar. E polo tanto imos esperar que este tema se resolva e non imos a revolver máis lodo que non ten sentido.

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: Ben, un rogo, seguindo as inxerencias que manifestaron os veciños usuarios dos xardíns municipais, rogámoslle ao goberno municipal que repoña os elementos deteriorados que hai no parque e ao mesmo tempo queremos que se proceda na medida do posible á renovación daqueles que estean nun estado lamentable e incluso que se poidan ampliar con outro tipo de parques para un maior beneficio dos usuarios.

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: A pregunta vén en relación con unha que fixemos hai dous meses ou máis, ¿cando se vai a proceder á limpeza das esculturas ou dos monolitos que hai na rúa da Cultura e que algunha delas está con signos non propios sobre as mesmas?

Sr. Alcalde: En canto teñamos os medios.

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: Os medios, señor Alcalde son escasos.

Sr. Alcalde: Contesteille á pregunta, ¿quere facer outra?

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: Si, vou a facer outra. ¿cal é o motivo polo que non están a funcionar coa normalidade requirida os puntos de información que están ubicados nas rúas?, están dando unha imaxe bastante lamentable dese servizo.

Sr. Alcalde: Ben transmitirémoslle iso aos responsables para ver se iso é así .

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: Logo tamén outra pregunta que vén en relación a outras feitas con anterioridade. Vostedes non me fixeron chegar en

soporte informático as actas das comisións de goberno ou da Xunta de Goberno Local e do Pleno que lle solicitamos do ano 2008 e 2009; a pregunta aquí hoxe é máis concreta, ¿a quen me teño que dirixir para recoller esta información?

Sr. Alcalde: *Pódeme repetir a pregunta?*

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: *A quen me teño que dirixir no Concello para recoller esta información en soporte informático das actas e dos plenos 2008 e 2009?*

Sr. Alcalde: *Ben pois eu creo que vostede terá que dirixirse ao departamento correspondente que é o que custodia todos os documentos deste Concello como vostede sabe de sobra.*

Sr. Reboredo Baños, Concelleiro non adscrito: *Alí estaremos o luns, moitas grazas.*

Sr. Alcalde: *Ben, algo que se me olvidou, e non quero dar a impresión de que non quero contestar ás preguntas, eu comprométo-me a contestarlle a todas as preguntas no Pleno se mas presenta por escrito con vinte e catro horas de antelación e dáme tempo para contestalas e preparalas. Evidentemente esa batería de preguntas é absolutamente imposible contestalas sen saber exactamente a que nos estamos referindo, entón eu se por escrito me manda todas esas preguntas eu contestareillas no Pleno correspondente.*

Dona Giselle Maïssa, do PP: *Boas noites, falo en nome dos veciños de Arnois que queren que por favor aquí no Pleno, se faga constar que Arnois é unha parroquia da Estrada que parece que esquecemos un pouco. Entón quería falar e recordar aquí no Pleno un rogo dun derrube famoso de Riamonde do que xa falei coa concelleira de Medio Rural. Segue igual o derrube no medio da pista e xa van alá tres meses e tamén solicitan no campo da festa da igrexa, onde teñen unhas árbores moi grandes que son moi perigosos e parece ser que xa faláron co señor Espiño para poder pasar a cortalos, e tamén falaban dun muro de bloques do campo que caeron e non se arraxaron. E por outra parte solicitar; esta é unha solicitude nova; dun contedor para a igrexa que se retirara de materia orgánica; un contedor verde que se retirara porque estaba totalmente roto. Entón solicito por favor un contedor verde. Grazas.*

Dona Cristina Goldar, do PP: *A unha pregunta que se fixera no anterior Pleno no que se preguntaba se se habían acollido a unha subvención para a creación de bancos municipais de tempo, respóndaseme neste acto plenario por escrito dicindo que se acordou non presentar esa solicitude para o banco municipal de tempo ante a imposibilidade de destinar persoal do departamento para o desenvolvemento deste, e que por iso non se solicitou. Ben, a miña pregunta é: ¿por qué non se destina voluntariado ao banco de tempo, se sabemos cal é o concepto do banco de tempo?*

Dona Raquel López Doce, do BNG: *A Orde á que vostedes fixeron referencia no Pleno anterior é a de resolución das subvencións concedidas o ano pasado. Por tanto, é unha resolución, non é unha convocatoria; non se pode presentar solicitude a unha resolución na que se fai público cales son os importes das subvencións que concederon durante o exercicio 2009, que era ao que vostedes se referían no pleno. En todo caso, temos en colaboración coa Consellería de Traballo temporalmente unha técnico de participación cidadá que está traballando para promover un banco de tempo na Estrada e presentará a solicitude de financiamento no seu momento.*

cando estea acabado o proxecto. É dicir, a esa convocatoria non se podía presentar porque publicouse a resolución de axudas do ano 2009, non era unha convocatoria .

Dona Cristina Goldar, do PP: *Estamos falando de cousas distintas efectivamente. Claro que soamente hai un, pero non é a primeira vez neste ano que se convoca xa que xa se convocou o ano pasado, así que evidentemente eu teño que facer preguntas: ¿cando a convocatoria se puxo en marcha, ¿entón fíxose algo?, ¿non se fixo algo?. Esa é a miña pregunta e a resposta que se me dá (e estou baseándome na resposta que se me facilita por escrito), a resposta é: “en reunión mantida coa Concelleira no mes de xaneiro de 2009 acórdase non presentar solicitude, dada a imposibilidade de destinar persoal do departamento para o desenvolvemento do mesmo”. Entón, a seguinte pregunta é: ¿porqué non se destina voluntariado?*

Sr. Alcalde: *Ben , contestarémolle por escrito.*

Dona Cristina Goldar, do PP: *Grazas. Outra pregunta se me permite. Quería saber as actividades concretas de apoio e educación familiar que se desenvolveron no pasado ano 2009. Dánseme datos estatísticos da subvención que si que se utilizou e dos cartos que se utilizaron pero quero saber que concretos programas de apoio e educación familiar, se é posible. É un rogo.*

Sr. Alcalde: *Ben, como sempre a información está dispoñible no Departamento de Servizos Sociais e a funcionaria correspondente poderaa informar detalladamente ao respecto.*

Dona Cristina Goldar, do PP: *¿Remíteme á funcionaria ?, non, para sabelo. Ben, si se solicitou algunha axuda á recuperación do potencial forestal ao abeiro da Orde de 29 de decembro de 2009, ¿por escrito non?.*

Dona Cristina Goldar, do PP: *Ben, tamén queríamos preguntar acerca de a que actuacións concretas se deben uns gastos protocolarios que particularmente nos chamaron a atención, dun importe de 3.155 euros aproximadamente, a unha persoa en concreto, ao señor Albino Bustelo Buela, e que foron aprobados co informe de disconformidade da Intervención na Xunta de Goberno Local do 28 de decembro de 2009.*

Sr. Alcalde: *Non teño nin idea.*

Dona Cristina Goldar, do PP: *Nesa Xunta de Goberno Local tamén matizo que hai outra partida de importe de gastos protocolarios sen especificar para Manuela Iglesias Castro de 1.569,25, entón pois bueno se nos puidesen matizar concretamente os gastos protocolarios..., sobre todo os relativos á partida do Señor Bustelo porque entendemos que son cuantiosos. Nada máis, grazas.*

Sr. Alcalde: *Ben, ¿algunha intervención por parte do público?.*

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e tres horas e dezaoito minutos.

A Estrada, 4 de febreiro de 2010
O secretario

Asdo.: José Naveira González